



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

**ACTA NÚM. 07/2012 DA SESIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE
LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2.012**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezanove novembro do ano dous mil doce, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D^a. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).
- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

Asiste tamén o Interventor da Entidade D. Miguel González López-Mosquera.

Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

1. ACTAS Nº 6/2012 DE DATA 01-10-2012

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 06/2012, de 01 de outubro de 2012, considerase aprobada por unanimidade.

**2. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA AMPLIACIÓN DA
CANTEIRA SAMPERES INSTALADA NO MONTE DE UTILIDADE
PÚBLICA Nº 493 DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO**

A Presidencia da lectura ao informe emitido en data 06-11-2012 polo Srs. secretario e interventor, que e do teor literal seguinte:

““ANTECEDENTES

1º.- Escrito R.E. nº 5/2012 de María Mercedes Correa Morais no que expón que é a titular da explotación mineira Samperes nº 2.707, cunha extensión de 1 cuadrícula mineira, aproximadamente 30 ha., e sita na súa práctica totalidade en terreos incluídos no monte de U.P. nº 493 da entidade Entidade Local Menor de Chenlo e SOLICITA lle sexa concedida en arrendamento unha nova parcela, contigua á actual, doutros 25.456 m² (2,5456 ha.) para os mesmos fins, e que formarán unha soa parcela, polo tempo de quince anos, e documentación acompañada coa devandita solicitude consistente en:

Plano topográfico da parcela solicitada, con expresión da superficie e das coordenadas UTM dos vértices do perímetro, a autorización do actual terreo por parte da Entidade Local Menor de Chenlo, a autorización da ocupación de terreo da Consellería de Medio Ambiente, a declaración de impacto ambiental positiva da ampliación feita pola Consellería de Medio Ambiente, o título da

concesión de explotación outorgado pola Consellería de Industria e a aprobación de actuacións na ampliación da zona de explotación, tamén da Consellería de Industria.

Proxecto de ampliación da Zona de explotación na C.E. "SAMPERES nº 2.707", de xullo de 2004, redacta do polo Enxeñeiro Técnico de Minas D. José Luís Delgado San Miguel (colexiado nº 13), visado polo respectivo colexio oficial o día 28-07-2004.

2º.- Certificación do acordo adoptado pola Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo, o día 05-03-2012, no que se acordou remitir a devandita solicitude, de María Mercedes Correa Morais coa documentación que coa mesma se achega, á Consellería de Medio Rural para que fagan o informe oportuno sobre a ampliación solicitada, viabilidade, afección de dita canteira, prexuízos que houbese, canon anual por metro cadrado de superficie de ocupación etc. e calquera outro extremo que consideren necesario.

3º.- Escrito R.S. nº 10/09-04-2012 da Alcaldía Pedanía dirixido á Xefatura do servizo de Montes de Pontevedra cumprindo o acordado polo Xunta Veciñal.

4º.- Informe e Memorias favorables condicionados emitidos polo xefe de Área de Montes de Xestión Pública de Pontevedra da Consellería do Medio Rural de do Mar, os días 04-07 e 08-08 do ano 2012.

5º.- Prego de condicións de data 08-08-2012 que rexerán a ocupación temporal solicitada elaborado polo Servizo de Montes de Pontevedra, no que na súa cláusula segunda di: "A autorización outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non exime da obriga de obter as autorizacións que, con arranxo ás disposicións vixentes, fosen necesarias. Esta autorización non faculta por si só para realiza-las obras en zonas de servidume, polo que o beneficiario deberá de solicitar e xustificar a súa necesidade, así como obter, no seu caso a necesaria autorización ante as autoridades competentes, non podéndose realizar ningunha modificación a que se dicte resolución favorable..."

6º.- Escrito R.E. nº 12/03102012) do xefe do Servizo de Montes de Pontevedra da Consellería do Medio Rural de do Mar, que di:

"Remítolle Solicitude de información sobre situación do expediente do epígrafe, realizado por Doña Mercedes Correa Morais, á vista de que pasou máis dun mes dende a sinatura do prego de condicións pola súa parte. Dado que estamos á espera de que dende esa Entidade se cumpla tamén con este requisito, para logo realizar o envío á Subdirección Xeral de Recursos forestais para que se ultime o trámite do expediente, remíteselle de novo o prego de condicións para a súa sinatura, entregado previamente enmán o 6 de agosto de 2012. No caso de non estar dacordo con algún punto deste, Ou coa tramitación deste expediente, solicítaselle que realice os reparos que considere oportunos a maior brevidade posible, dado que os prazos de audiencia xa foron cumpridos, e o solicitante apremia á resolución dun expediente iniciado na Entidade o 29 de febreiro de 2011 (data de rexistro de entrada na Entidade), hai máis de 6 meses.

Lémbra-selle que este expediente iniciouse a requerimento da Entidade Local Menor de Chenlo en data 25 de marzo de 2012, e que queda pendente da devolución dos pregos de condicións asinados, ou caso de non asinalos, de recibir os reparos que se poidan facer aos mesmos, ou á tramitación do expediente no seu conxunto. Resaltar que no caso de que a Entidade manifeste oposición á ampliación solicitada, e en consonancia co artigo 173 do Decreto 485/ 1962, de 22 de febreiro, polo que se apróba o regulamento de montes, procedería a denegación sen máis trámite da solicitude realizada."

7º.- Requirimento de emenda de documentación, de data 22-10-2012, con rexistro de saída do Concello do Porriño nº 5743/2012 dirixido a Dº MERCEDES CORREA MORAIS, que do teor literal seguinte:

""Visto O expediente de Actividade AM/ 12/02 (R.E. nº 1023/02) no que MARIA MERCEDES CORREA MORAIS, Solicita licencia para unha actividade de



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

explotación canteira, a situar en Samperes—Chenlo, O Porriño, segundo O proxecto que consta en dito expediente.

Tendo en conta a o paragrafo 3º da Disposición Transitoria 12, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, no que di:

"As explotacións mineiras, as actividades extractivas de recursos minerais e os establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras, cando estas estivesen en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/200, do 30 de decembro, localizados en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido, excepto os mencionados no parágrafo anterior, que non contén coa preceptiva licenza urbanística municipal para continuar a súa actividade deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e por proposta da consellería competente en materia de minas. O consello da Xunta valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e de patrimonio cultural existentes ou coa súa vinculación a pactos ambientais."

O que se lle comunica ós efectos oportunos."

8º.- *Requirimento de documentación da Entidade Local Menor de Chenlo, de data 13-10-2006, dirixido a Dª MERCEDES CORREA MORAIS e recibido por esta o día 31-10-2006, que literal di:*

"Visto o seu escrito de data 06-09-2006 no que solicita unha ampliación de 25.400 m² máis do terreo do monte patrimonial da Entidade local Menor de Chenlo, denominado "Costa de Oya y Outros " e catalogado de utilidade pública co nº493, que ven ocupando temporalmente para explotación dunha canteira de granito ornamental como titular da concesión denominada "Samperes", nº 2.707, cunha extensión de unha cuadrícula mineira, en virtude do acordo da Xunta Veciñal desta entidade de data 10 de xuño de 2002 e do prego de Condicións do Xevicio de Montes e I.F. da Delegación provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, de data 9 de xaneiro de 2003, que rexe a citada ocupación.

Considerando o establecido nos expresados Acordo e Prego e o disposto na normativa vixente en materia de licencias urbanísticas e de actividades clasificadas e demais aplicable.

É polo que, de conformidade co establecido na Lei do Procedemento Administrativo común, para poder dicidir sobre a súa petición faise necesario que no prazo de QUINCE DÍAS, contados desde o seguinte á recepción do presente APORTE as licencias municipais outorgadas polo Concello do Porriño seguintes:

-LICENCIA MUNICIPAL DA ACTIVIDADE QUE VEN DESENVOLVENDO E LICENCIA MUNICIPAL URBANÍSTICA DE OBRA NECESARIA PARA REALIZAR TAL ACTIVIDADE.

Poño no seu coñecemento que no suposto de non dar cumprimento a este requirimento no expresado prazo se lle terá por desistido das súa petición, previa resolución, cos efectos procedentes."

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia -LOUGA- (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 de 29 de decembro (DOG 31/12/2004); pola Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación del territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia (DOG 6/06/2008); pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas

urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008); pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA (DOG 31/03/2012); e pola Lei 15/2010 de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2010).

-Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera.(BOE de 16/11/2007)

-Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto Ambiental de proxectos.

-Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula o procedemento de avaliación de incidencia ambiental. (DOG 01/06/2008).

-Lei 30 /1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Concretamente a DISPOSICIÓN TRANSITORIA DECIMOSEGUNDA. EXPLOTACIONES MINERAS EXISTENTES, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece:

"As explotacións mineiras, as actividades extractivas de recursos minerais e os establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras, cando estas estivesen en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, localizados en solo rústico especialmente protexido poderán continuar a súa actividade nos ámbitos para os que dispoñen de licenza urbanística municipal.

As explotacións mineiras, as actividades extractivas de recursos minerais e os establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras, cando estas estivesen en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, localizados en solo rústico de protección ordinaria e de especial protección forestal ou das augas que non contén coa preceptiva licenza urbanística municipal para continuar a súa actividade deberán obtela, logo de que acrediten a súa existencia con anterioridade á entrada en vigor da citada lei. Para isto, bastará co recoñecemento administrativo da dirección xeral con competencia en materia de minas. Para a obtención da licenza urbanística municipal presentarase no concello a solicitude de regularización, á que se lle achegará o recoñecemento administrativo anteriormente sinalado, acreditativo do cumprimento da normativa sectorial vixente.

As explotacións mineiras, as actividades extractivas de recursos minerais e os establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras, cando estas estivesen en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, localizados en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido, excepto os mencionados no parágrafo anterior, que non contén coa preceptiva licenza urbanística municipal para continuar a súa actividade deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e por proposta da consellaría competente en materia de minas. O Consello da Xunta valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e de patrimonio cultural existentes ou coa súa vinculación a pactos ambientais.

A implantación de novas explotacións e actividades extractivas, así como a ampliación das existentes en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido, non poderá realizarse en tanto non sexa aprobado definitivamente o correspondente plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, ou proxecto sectorial, que será formulado e tramitado polo conselleiro ou pola conselleira



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n,
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

competente en materia de minas; todo isto sen prexuízo da posibilidade de outorgar autorización para actividades extractivas en solo rústico de protección ordinaria e de especial protección forestal, segundo o disposto polos artigos 36º e 37º desta lei."

-Instrución 10/2011, do 29 de xuño, da Consellería de Economía e Industria, sobre aplicación da disposición transitoria décimo segunda da LOUGA en relación ao recoñecemento administrativo da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas; Instrución 1/2011, do 12 de abril, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA (DOG 11/05/2010).

CONCLUSIÓNS

Con base no antecedentes e lexislación anteriormente expostos,

1ª.- Debe desestimarse o solicitado mediante o referido escrito R.E. Nº 5/2012 formulado por MARÍA MERCEDES CORREA MORAIS por non haber aportado a esta Entidade Local Menor as pertinentes licencias municipais urbanística y de apertura ou actividade, concedidas polo órgano competente do Concello do Porriño, que amporen a explotación mineira Samperes n.º 2.707 da que é titular a solicitante.

2ª.- Debe darse traslado ao Xefe do Servizo de Montes de Pontevedra da Consellería do Medio Rural de do Mar a citada Resolución ou Acordo desestimatoria que se dite, para o seu coñecemento e efectos oportunos.""

De seguido a Xunta Veciñal, de conformidade co transcrito informe, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimarse o solicitado mediante o referido escrito R.E. Nº 5/2012 formulado por MARÍA MERCEDES CORREA MORAIS por non haber aportado a esta Entidade Local Menor as pertinentes licencias municipais urbanística y de apertura ou actividade, concedidas polo órgano competente do Concello do Porriño, que amporen a explotación mineira Samperes n.º 2.707 da que é titular a solicitante.

SEGUNDO.- Dar traslado ao Xefe do Servizo de Montes de Pontevedra da Consellería do Medio Rural de do Mar deste acordo desestimatorio, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e notificarcarlo a interesada.

3. RATIFICACIÓN DAS ACTUACIÓN REALIZADAS RESPECTO AO PROXECTO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO.

A Presidencia explica que na defensa dos dereitos desta Entidade, dos veciños da parroquia de Chenlo e do interese xeral nos estamos opoñendo e nos opoñeremos ata onde faga falta para que o proxecto para a execución do Parque Eólico Serra do Galíñeiro no vaia adiante, que consideramos nulo de pleno dereito, porque incumpre co Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello do Porriño, co Proxecto de Ordenación do Monte de utilidade pública desta Entidade e coa normativa vixente, e por todo isto ata o momento se fixeron as alegacións seguintes:

-Escrito do Alcalde Pedáneo de data 30-10-2012 (R.S. nº 30) dirixido á Delegación territorial de Pontevedra, Xefatura territorial da Consellería de

economía e industria da Xunta de Galicia, Xefe da sección de enerxía, que literalmente di:

“ASUNTO: NOTIFICACIÓN RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA, DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO.

Solicitante da devandita Autorización: TERRA DO VENTO, S.L.
Localización: CONCELLOS DE GONDOMAR, MOS, PORRIÑO E VIGO (PONTEVEDRA)
Nº Expte:IN661A2011/20-4.

O día 25-10-2012, recibíuse nesta Entidade Local Menor escrito-notificación (R.E. nº 15/2012) do Xefe da Sección de Enerxía da Delegación de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia relativo á solicitude de autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto para a Execución do Parque Eólico Serra do Galiñeiro, efectuada pola entidade mercantil TERRA DO VENTO, S.L., con domicilio na Adva. De Bruselas, 13-1º D. C.P.:28108, Alcobendas (Madrid), ao abeiro e aos efectos previstos nos artigos 52, 53 e 54 da Lei 54/1997 do Sector Eléctrico e o Título VII do Real decreto 1955/2000, e mediante o cal se concede un prazo de trinta días, contados a partir da recepción da notificación, para presentar datos oportunos para rectificar erros á relación anexa de persoas e bens e dereitos que se afectan, e formular as alegacións que estimen oportunas, e tamén as referidas no artigo 161 do Real Decreto 1955/2000, e se indica que a declaración de utilidade pública solicitada leva implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, polo que se iniciara o proceso expropiatorio co levantamento da acta previa á ocupación, determinación do xusto prezo e pago da indemnización que acorde o Xurado Provincial de Expropiación.

Estimando que a devandita notificación non se axusta a dereito, por medio do presente, impugnase a mesma e ao mesmo tempo formulase rotunda OPOSICIÓN contra a solicitude de autorización administrativa para a declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto para a execución do PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO que é nulo de pleno dereito en base as seguintes:

ALEGACIONES

Primeira.- Esta Alcaldía Pedanía, en representación Entidade Local Menor de Chenlo, asume integramente facendo súas as alegacións formuladas no escrito do Sr. Alcalde do Concello do Porriño de data 02-12-2011 (R.S. 5803/2011) dado en contestación ó escrito de 02-11-2011 da Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se remitiu ao concello do Porriño o Documento de inicio do proxecto de parque eólico do proxecto parque eólico serra do Galiñeiro (no que por certo non se deu intervención nin participación algunha a esta Entidade Local Menor), que é do teor literal seguinte:

“Visto o oficio de data 2 de novembro de 2011 (RE 9055, 04-11-2011) remitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se remite a esta administración o “Documento de inicio do proxecto de parque eólico Serra do Galiñeiro”.

A documentación remitida componse por un CD onde figura o documento titulado “documento de inicio do proxecto de parque eólico Serra do Galiñeiro” e “Simulación gráfica impacto visual. Parque eólico Serra do Galiñeiro”.

Formulándose por esa Secretaría Xeral consulta a esta administración municipal para que informe sobre si considera que o proxecto remitido podería causar impactos ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento ambiental presentado, formulanse as seguintes **ALEGACIONES:**

1º) Debe indicarse, en primeiro lugar, que tal e como establece o artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Calcs s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

da Lei de Evaluación de Impacto Ambiental, "previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16". En este caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Secretaría Xeral se houbera remitido consulta algunha á Entidade Local Menor de Chenlo, polo que se advirte a esa Secretaría Xeral a necesidade de formular a mesma á citada entidade, pois a Entidade Local resulta gravemente afectada pola realización do proxecto de referencia.

2*) Entrando xa na análise do proxecto remitido debe indicarse a esa Secretaría Xeral que o proxecto de parque eólico da Serra do Galíñeiro causa uns graves impactos ambientais que non resultan xustificadas tendo en conta as medidas correctoras e protectoras previstas polo promotor do mesmo.

Debe indicarse que o ámbito no que se proxecta o parque eólico Serra do Galíñeiro resulta totalmente incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico municipal do Concello de O Porriño. Neste sentido A TOTALIDADE DA SUPERFICIE AFECTADA ENCONTRASE CLASIFICADA POLO VIXENTE PXOM COMO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.

En canto á utilización do solo en situación de solo rural, o artigo 13 do Texto Refundido da Lei Estal do Solo (TRLS/08), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, establece que estos terreos utilizaranse de conformidade coa súa natureza, debendo dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquer outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais. Polo tanto, o uso normal que integra o dereito de propiedade do solo rústico consiste na explotación do medio rural, en calquera das súas formas, cos límites que impón a Constitución Española en canto á utilización racional dos recursos naturais e os que establezan as leis e a ordenación territorial e urbanística.

Por outro lado, o TRLS/08 determina que, con carácter excepcional e polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse outros actos e usos específicos que sexan de interese público ou social pola súa contribución á ordenación e o desenvolvemento rural ou porque haxan de emprazarse no medio rural. Asemade, debe terse en conta que a utilización do solo rústico con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable queda sempre sometida e suxeita á preservación de ditos valores, e comprende unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

En liña co TRLS/08, o artigo 31 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que o dereito de propiedade en solo rústico comprende o dereito a usar, disfrutar e dispor de eles de conformidade coa natureza e destino rústico dos mesmos e o disposto na súa lexislación sectorial. **Destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de se-lo caso e por este orde, establezan a lexislación sectorial de aplicación, a presente Lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio.**

Mais concretamente, e en relación co solo rústico de especial protección de espazos naturais, define o artigo 32.2.f) da LOUGA como o solo constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001 de Protección da Natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente, terán dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico estimen necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.

Pois ben, neste senso e de conformidade co contido do artigo 16.2.3.5 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (BOP 21 de outubro de 2003) que establece o réxime do solo rústico de protección de espazos naturais, indicase o seguinte:

“1. Usos permitidos por licencia municipal: os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra i), do artigo 33 da LOUG.

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma: os vinculados á conservación, utilización e disfrute do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 33 da LOUG.

3. Usos prohibidos: Todos os demais especialmente os residenciais e industriais.

O ámbito de aplicación desta ordenanza correspóndese cos ámbitos delimitados na Orde 28/10/99, DOG 216 do 9/11/99, correspondente ás Gándaras (Budiño), así como ás áreas de especial interese medioambiental, delimitadas nos planos a escala 1:5000, correspondentes ao Monte do Faro e O Penedo, situados ao leste do termo municipal, e a Serra de O Galifeiro, situada ao oeste.

Nestas áreas recoméndase redcatar planes especiais, con carácter de plan de ordenación de recursos naturais, que establezan os usos permitidos e que compatibilice o seu aproveitamento.

Nos ámbitos delimitados non se autorizará ningún tipo de construción, excepto as torres de vixilancia e as garitas de observación de aves, e aquelas outras necesarias para a conservación e mellora do medio rural.

Ata que non se redacte o plan de conservación específico non se autoriza ningún outro tipo de uso, con excepción dos xa emplazados na actualidade”.

A maior abastamento inclúese no propio PXOM a ficha do Plan Especial para as ladeiras do Monte Galifeiro, na que se indica que o ámbito de aplicación do mesmo será todo o ámbito grafiado como SRPEN (solo rústico de protección de espazos naturais) nas ladeiras do Galifeiro, e que o obxectivo do mesmo é compatibilizar a conservación do espazo natural co seu entoeno, recollendo como usos autorizados exclusivamente os vinculados á conservación do medio natural.

Expósto o que antecede, resulta evidente que o proxecto do parque eólico Serra do Galifeiro é **TOTALMENTE INCOMPATIBLE** coa **protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico en vigor**, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves. Asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galifeiro.

3) A maior abastamento o artigo 104.b) da propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que “Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.”

Neste senso polo arquitecto municipal emitiuse informe técnico en data 01.12.2011 no que se indica o seguinte:

“Unha vez examinado o documento de inicio do proxecto achegado, emítase o seguinte:

INFORME.

1.- Os aeroxeneradores e a súa infraestrutura accesoria atópanse situados dentro de terreos clasificados como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN) polo vixente Plan xeral de Ordenación Municipal do Porriño.



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

2.- O tamaño dos aeroxeneradores, desde a base ata a punta superior do rotor pode chegar a alcanzar os 150 metros, o que resulta equivalente a un edificio de 50 plantas.

3.- Do documento de inicio do proxecto dedúcese o grande impacto no chan e o relevo que vai ter a escavación das cimentacións dos aeroxeneradores polo seu enorme tamaño, e tamén a construción das vías necesarias para o acceso da maquinaria encargada de transportar e instalar as xigantescas pezas, con estritas limitacións de pendentes lonxitudinais e transversais o cal fará obrigado facer importantes modificacións nos perfís das ladeiras.

4.- O conxunto dos aeroxeneradores imponse sobre o característico e peculiar perfil da Serra do Galiñeiro, incidindo sobre formacións de monte pelado granítico de alto valor paisaxístico e visual.

5.- Non parecen suficientes nin realistas as dubidasas xustificacións escritas, e sobre todo gráficas (montaxes fotográficas) incluídas no documento de inicio acerca de medidas correctoras sobre os impactos paisaxísticos e visuais.

Por todo elo, estímase, como conclusión, que o proxecto debería ser sometido a avaliación de impacto ambiental pola súa forte incidencia visual na paisaxe, pola descomunal escala dos aparellos aeroxeneradores, pola súa ubicación en terreos afectados por unha protección de espazos naturais segundo o vixente PXOM do Porriño, pola afección a relevos e formacións xeolóxicas características, propias e identificadoras da zona, polo previsible impacto, no chan e o relevo, das cimentacións a executar e polos grandes movementos de terra para a construción das vías para o acceso da maquinaria.

O estudo de impacto ambiental debería incidir concretamente na diminución de todos e cada un dos antes referidos efectos, incluíndo a alternativa cero ou de non execución do proxecto se existen dúbidas razoables de que se poda conseguir a redución deses efectos a límites aceptables."

Como consecuencia do exposto resulta evidente que as instalacións proxectadas resultan manifestamente incompatibles coa norma de aplicación directa antes citada, pois os aeroxeneradores cuxa instalación se proxecta alcanzan unha altura de 105 metros cun diámetro de rotor de 90 metros, provocando unha limitación do campo visual indiscutible, rompendo a harmonía da paisaxe e limitando o campo visual nun espazo natural protexido.

4º) Segundo o disposto polo artigo 4 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, consideranse que son elementos que teñen que protexerse: o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o solo, o subsolo, o auga, o aire, o clima e a paisaxe, así como a interrelación entre os elementos antes mencionados, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en canto poden ser obxecto de contaminación e deterioro por causas ambientais.

Neste senso o artigo 21 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia, preceptúa que nos instrumentos de planeamento urbanístico de carácter xeral, plan xerais de ordenación urbana e normas subsidiarias haberá de terse en conta a defensa do medio ambiente e dos recursos naturais. A este fin determinaranse regulamentariamente as medidas ou condicións tipo de protección ds natureza e a paisaxe, así como da calidade ambiental, que haberán de incorporarse ao planeamento.

Como nos recorda a Exposición de Motivos da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera:

"a atmósfera é un ben común indispensable para a vida respecto o cal todas as persoas teñen o dereito de uso e disfrute e a obriga da súa conservación. Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivarse para a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquer natureza, a calidade do aire e a protección da atmósfera foi, dende décadas, unha prioridade da política ambiental. Así, a medida que os procesos de industrialización e de urbanización

de grandes áreas territoriais foron provocando impactos negativos na calidade do aire, fíxose preciso, tanto no plano nacional como rexional e internacional, a articulación dun amplo repertorio de instrumentos legais tendentes a facer compatibles o desenvolvemento económico e social e a preservación deste recurso natural.”

De conformidade co exposto, sendo innegable que para o desenvolvemento da actividade proxectada resulta preceptiva a obtención previa das licenzas municipais de obra e actividade, e acreditándose que o proxecto remitido resulta totalmente incompatible coas determinacións do vixente planeamento urbanístico municipal, carece de xustificación a continuación do presente expediente.

Por todo elo, fórmulase as presentes alegacións coas consideracións que nel se conteñen, expresando a total incompatibilidade do proxecto do parque eólico da Serra do Galifeiro coas determinacións normativas expostas, comunicándolle que este Concello considera totalmente inapropiado o contido do devandito proxecto.”

Segunda.- Esta Alcaldía Pedanía, en representación Entidade Local Menor de Chenlo, igualmente asume integramente facendo súas as alegacións formuladas no escrito do Sr. Alcalde do Concello do Porriño de data 5-10-2012 (R.S. 5981/2012) dado en contestación ós oficios de data 27 de setembro e 28 de setembro de 2012 (RE 8585 e 8800, 02-10-2012 e 08-10-2012) remitidos pola Xefatura Territorial da delegación de Pontevedra da consellería de Economía e Industria polo que se remite ao Concello do Porriño tanto a Separata do Parque Eólico Serra do Galifeiro como a solicitude para declaración de utilidade pública dos bens e dereitos afectados polo Parque Eólico Serra do Galifeiro (no que por certo non se deu intervención nin participación algunha a esta Entidade Local Menor), que é do teor literal seguinte:

“Vistos os oficios de data 27 de setembro e 28 de setembro de 2012 (RE 8585 e 8800, 02-10-2012 e 08-10-2012) remitidos por ese Xefatura Territorial polo que se remite a esta administración tanto a Separata do Parque Eólico Serra do Galifeiro como a solicitude para declaración de utilidade pública dos bens e dereitos afectados polo Parque Eólico Serra do Galifeiro.

Formulándose por esa Xefatura Territorial consulta a esta administración municipal sobre o condicionado do proxecto antes citado, procédese a formular as seguintes **ALEGACIONES**:

PRIMEIRA.- Infracción do artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental.

Debe indicarse, en primeiro lugar, que tal e como establece o artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Evaluación de Impacto Ambiental, *“previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16”*. En este caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Secretaría Xeral se houbera remitido consulta algunha á Entidade Local Menor de Chenlo, polo que se advirte a esa Secretaría Xeral a necesidade de formular a mesma á citada entidade, pois a Entidade Local resulta gravemente afectada pola realización do proxecto de referencia.

SEGUNDA.- Nulidade do proxecto eólico do Parque Eólico Serra do Galifeiro.

A) Infracción dos artigos 33 e 39 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TEL.F.: 608 88 62 22

Debe denunciarse, en primeiro lugar, a evidente nulidade que concorre no proxecto sectorial en tramitación para a implantación do parque eólico Serra do Galifeiro, ao infrinxir tanto o artigo 5º do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, como os artigos 33 e 39 da vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Neste senso debe lembrarse que o indicado artigo 5º.3 do Decreto 80/2000 (relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e coa lexislación urbanística)

preceptúa que no solo rústico de especial protección quedan prohibidas as actuacións que resulten incompatibles cos seus valores ecolóxicos, medioambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou calquera outro que sexa obxecto da protección outorgada ou coas proteccións derivadas da lexislación sectorial de aplicación.

Pois ben, no presente caso o ámbito do Concello de O Porriño no que se proxecta o parque eólico Serra do Galifeiro ENCONTRASE CLASIFICADA POLO VIXENTE PXOM COMO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS, clasificación urbanística que, como a continuación se xustifica resulta manifestamente incompatible coa implantación das instalacións proxectadas. Así o recolle o arquitecto municipal no seu informe de data 23 de outubro de 2012 ao sinalar o seguinte:

"Os aeroxeneradores e a súa infraestrutura accesoria atópanse situados dentro de terreos clasificados como Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais (SRPEN) polo vixente Plan xeral de Ordenación Municipal do Porriño. Para esta clase de solo as determinacións do vixente PXOM, aprobado o 26 de xuño de 2003, no seu apartado 16.2.3.5 son:

En los ámbitos delimitados no se autorizará ningún tipo de construción, excepto las torres de vigilancia y las garitas de observación de aves, y aquellas otras necesarias para la conservación y mejora del medio natural.

Hasta que no se redacte el plan de conservación específico, no se autoriza ningún otro tipo de uso, con excepción de los ya emplazados en la actualidad."

Por outra banda, as instalacións proxectadas, para a xeración de enerxía eléctrica, non se atopan dentro das autorizables para este tipo de solo segundo o previsto pola Lei 9/2002 modificada pola 2/2010 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non tendo sido redactado o plan de conservación, e non sendo autorizables as instalacións previstas no proxecto, estíbase como INCOMPATIBLE o proxectado co ordenamento urbanístico vixente."

En canto á utilización do solo en situación de solo rural, o artigo 13 do Texto Refundido da Lei Estal do Solo (TRLS/08), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, establece que estos terreos utilizaranse de conformidade coa súa natureza, debendo dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinxético ou calquer outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais. Polo tanto, o uso normal que integra o dereito de propiedade do solo rústico consiste na explotación do medio rural, en calquera das súas formas, cos límites que impón a Constitución Española en canto á utilización racional dos recursos naturais e os que establezan as leis e a ordenación territorial e urbanística.

Por outro lado, o TRLS/08 determina que, con carácter excepcional e polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse outros actos e usos específicos que sexan de interese público ou social pola súa contribución á ordenación e o desenvolvemento rural ou porque haxan de emprazarse no medio rural, Asemade, debe terse en conta que a utilización do solo rústico con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable queda sempre sometida e suxeita á preservación de ditos valores, e comprende unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

En liña co TRLS/08, o artigo 31 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que o dereito de propiedade en solo rústico comprende o dereito a usar, disfrutar e dispor de eles de conformidade coa natureza e destino rústico dos mesmos e o disposto na súa lexislación sectorial. **Destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de se-lo caso e por este orde, establezan a lexislación sectorial de aplicación, a presente Lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio.**

Mais concretamente, e en relación co solo rústico de especial protección de espazos naturais, define o artigo 32.2.f) da LOUGA como o solo constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001 de Protección da Natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente, terán dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico estimen necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.

Do mesmo xeito a Lei 9/2002, establece nos seus artigos 33 e 39 tanto os usos permitidos e autorizables en solo rústico como os concretamente permisibles en solo rústico de protección de espazos naturais, distinguindo no seu artigo 33 como usos posibles en solo rústico os seguintes:

f) Instalaciones necesarias para los servicios técnicos de telecomunicaciones, la infraestructura hidráulica y las redes de transporte, distribución y evacuación de energía eléctrica, gas, abastecimiento de agua y saneamiento, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.

m) Infraestructuras de abastecimiento, tratamiento, saneamiento y depuración de aguas, de gestión y tratamiento de residuos, e instalaciones de generación o infraestructuras de producción de energía.

Pois ben, o indicado artigo 39 da Lei 9/2002, referido aos usos autorizables en solo rústico de protección de espazos naturais, limita os mesmos aos relacionados no apartado f), redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, PROHIBÍDOSE, POR CONTRARIO, OS USOS REFERIDOS NO APARTADO M), ISTO É, AS INSTALACIONES DE XENERACIÓN OU PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Obvio resulta, en consecuencia, a nulidade do proxecto sectorial que se tramita ao infrinxir a normativa indicada, tal e como en caso similar estableceu a Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo na súa recente sentenza de data 7 de xuño de 2010 ao lembrar o seguinte:



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

"(...)el Proyecto Sectorial que estamos examinando es contrario al complejo normativo descrito - integrado por la norma estatal básica y la regulación autonómica acorde con aquélla- pues la transformación urbanística que dicho proyecto sectorial comporta resulta incompatible con la condición de suelo no urbanizable especialmente protegido que corresponde a una parte considerable de los terrenos afectados. Y a ello no cabe oponer la adopción de medidas paliativas o correctoras destinadas a reducir el grado de afectación medioambiental en la ejecución del proyecto, pues, siendo notorio que una plataforma logística-industrial no se corresponde con la finalidad propia de un suelo de especial protección forestal, la invocación de posibles medidas correctoras resulta claramente insuficiente pues lo exigible es que no exista afectación ni menoscabo alguno para el interés , en este caso forestal, merecedor de especial protección.

En fin, el hecho de que la normativa autonómica atribuya a las determinaciones del proyecto sectorial carácter prevaente frente a las del planeamiento urbanístico, debiendo éstas acomodarse a aquéllas, es un dato que, lejos de respaldar la legalidad del proyecto que estamos examinando viene precisamente a corroborar la conclusión contraria. En efecto, ese carácter vinculante determinaría que el planeamiento urbanístico hubiese de acomodarse a las transformaciones urbanísticas contempladas en el proyecto sectorial, lo que exigirla en determinadas áreas la reclasificación del suelo; pero entonces se estaría obligando al planeamiento urbanístico a incorporar una clasificación que sería contraria al carácter reglado del suelo no urbanizable especialmente protegido, lo que supone la vulneración de la normativa estatal básica (artículo 9 de la Ley 6/98, de 13 de abril), cuya interpretación jurisprudencial ya hemos examinado, y también de la normativa autonómica (artículo 5.2 del Decreto 80/2000, de 23 de marzo), que expresamente se remite a dicha normativa estatal.

Por tales razones, el motivo de casación debe ser acogido, con las consecuencias que luego se dirán."

Polo exposto, e resultando que de conformidade coa normativa urbanística antes citada o uso de xeneración ou produción de enerxía eléctrica, que é o previsto, resulta expresamente prohibido polo normativa urbanística de aplicación, o presente proxecto de execución resulta nulo de pleno dereito.

B) Incompatibilidade coas determinación co PXOM de O Porriño en vigor.

De conformidade co contido do artigo 16.2.3.5 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (BOP 21 de outubro de 2003) que establece o réxime do solo rústico de protección de espazos naturais, indícase o seguinte:

1. Usos permitidos por licenza municipal: os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra i), do artigo 33 da LOUG.
2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma: os vinculados á conservación, utilización e disfrute do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 33 da LOUG.
3. Usos prohibidos: Todos os demais especialmente os residenciais e industriais.

O ámbito de aplicación desta ordenanza correspóndese cos ámbitos delimitados na Orde 28/10/99, DOG 216 do 9/11/99, correspondente ás Gándaras (Budiño), así como ás áreas de especial interese medioambiental , delimitadas nos planos a escala 1:5000, correspondentes ao Monte do Faro e O Penedo, situados ao leste do termo municipal, e a Serra de O Galiñeiro, situada ao oeste.

Nestas áreas recoméndase redactar planes especiais, con carácter de plan de ordenación de recursos naturais, que establezan os usos permitidos e que compatibilice o seu aproveitamento.

NOS ÁMBITOS DELIMITADOS NON SE AUTORIZARÁ NINGÚN TIPO DE CONSTRUCCIÓN, EXCEPTO AS TORRES DE VIXILANCIA E AS GARITAS DE OBSERVACIÓN DE AVES, E AQUELAS OUTRAS NECESARIAS PARA A CONSERVACIÓN E MELLORA DO MEDIO RURAL.

ATA QUE NON SE REDACTE O PLAN DE CONSERVACIÓN ESPECÍFICO NON SE AUTORIZA NINGÚN OUTRO TIPO DE USO, CON EXCEPCIÓN DOS XA EMPLAZADOS NA ACTUALIDADE”.

A maior abastamento inclúese no propio PXOM a ficha do Plan Especial para as ladeiras do Monte Galifeiro, na que se indica que o ámbito de aplicación do mesmo será todo o ámbito grafiado como SRPEN (solo rústico de protección de espazos naturais) nas ladeiras do Galifeiro, e que o obxectivo do mesmo é compatibilizar a conservación do espazo natural co seu entorno, recollendo como usos autorizados exclusivamente os vinculados á conservación do medio natural.

En consecuencia, e pese as incompatibilidades legais xa denunciadas que imposibilitan a implantación do uso proxectado, resulta evidente que, entodo caso, e con carácter previo á implantación de calquer uso diferente dos actualmente existentes na Serra do Galifeiro resulta preceptiva e indispensable a tramitación e aprobación do correspondente PORN, pois este, tal e como se reflicte no artigo 17 da Lei 42/2007, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, ten como obxectivos os seguintes:

“Son objetivos de los Planes de Ordenación de los Recursos Naturales, sin perjuicio de lo que disponga la normativa autonómica, los siguientes:

- a. Identificar y georeferenciar los espacios y los elementos significativos del Patrimonio Natural de un territorio y, en particular, los incluidos en el Inventario del Patrimonio Natural y la Biodiversidad, los valores que los caracterizan y su integración y relación con el resto del territorio.*
- b. Definir y señalar el estado de conservación de los componentes del patrimonio natural, biodiversidad y geodiversidad y de los procesos ecológicos y geológicos en el ámbito territorial de que se trate.*
- c. Identificar la capacidad e intensidad de uso del patrimonio natural y la biodiversidad y geodiversidad y determinar las alternativas de gestión y las limitaciones que deban establecerse a la vista de su estado de conservación.*
- d. Formular los criterios orientadores de las políticas sectoriales y ordenadores de las actividades económicas y sociales, públicas y privadas, para que sean compatibles con las exigencias contenidas en la presente Ley.*
- e. Señalar los regímenes de protección que procedan para los diferentes espacios, ecosistemas y recursos naturales presentes en su ámbito territorial de aplicación, al objeto de mantener, mejorar o restaurar los ecosistemas, su funcionalidad y conectividad.*



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

f. Prever y promover la aplicación de medidas de conservación y restauración de los recursos naturales y los componentes de la biodiversidad y geodiversidad que lo precisen.

g. Contribuir al establecimiento y la consolidación de redes ecológicas compuestas por espacios de alto valor natural, que permitan los movimientos y la dispersión de las poblaciones de especies de la flora y de la fauna y el mantenimiento de los flujos que garanticen la funcionalidad de los ecosistemas."

Asemade tal e como indica o artigo 23 da Lei 42/2007, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade:

"Cuando de las informaciones obtenidas por la Comunidad autónoma se dedujera la existencia de una zona bien conservada, amenazada por un factor de perturbación que potencialmente pudiera alterar tal estado, se establecerá un régimen de protección preventiva consistente en:

a. la obligación de los titulares de los terrenos de facilitar información y acceso a los agentes de la autoridad y a los representantes de las Comunidades autónomas, con el fin de verificar la existencia de los factores de perturbación.

b. en el caso de confirmarse la presencia de factores de perturbación en la zona, que amenacen potencialmente su estado:

a. Se iniciará de inmediato el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales de la zona, de no estar ya iniciado.

b. Sin perjuicio de la adopción de las medidas previstas en el artículo anterior de esta Ley, se aplicará, en su caso, algún régimen de protección, previo cumplimiento del trámite de audiencia a los interesados, información pública y consulta de las Administraciones afectadas."

Exposto o que antecede, resulta evidente que o proxecto do parque eólico Serra do Galifeiro é TOTALMENTE INCOMPATIBLE coa protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico en vigor, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves. Asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galifeiro.

TERCEIRA.- Infracción do artigo 104.b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A maior abastamento o artigo 104.b) da propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que "Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto."

Neste senso polo arquitecto municipal emitiuse informe técnico en data 01.12.2011 no que se indica o seguinte:

"Unha vez examinado o documento de inicio do proxecto achegado, emítese o seguinte:

INFORME.

1.- *Os aeroxeneradores e a súa infraestrutura accesoria atópanse situados dentro de terreos clasificados como Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais (SRPEN) polo vixente Plan xeral de Ordenación Municipal do Porriño.*

2.- *O tamaño dos aeroxeneradores, desde a base ata a punta superior do rotor pode chegar a alcanzar os 150 metros, o que resulta equivalente a un edificio de 50 plantas.*

3.- *Do documento de inicio do proxecto dedúcese o grande impacto no chan e o relevo que vai ter a escavación das cimentacións dos aeroxeneradores polo seu enorme tamaño, e tamén a construción das vías necesarias para o acceso da maquinaria encargada de transportar e instalar as xigantescas pezas, con estritas limitacións de pendentes lonxitudinais e transversais o cal fará obrigado facer importantes modificacións nos perfís das ladeiras.*

4.- *O conxunto dos aeroxeneradores imponse sobre o característico e peculiar perfil da Serra do Galiñeiro, incidindo sobre formacións de monte pelado granítico de alto valor paisaxístico e visual.*

5.- *Non parecen suficientes nin realistas as dúbidas xustificacións escritas, e sobre todo gráficas (montaxes fotográficas) incluídas no documento de inicio acerca de medidas correctoras sobre os impactos paisaxísticos e visuais.*

Por todo elo, estimase, como conclusión, que o proxecto debería ser sometido a avaliación de impacto ambiental pola súa forte incidencia visual na paisaxe, pola descomunal escala dos aparellos aeroxeneradores, pola súa ubicación en terreos afectados por unha protección de espacios naturais segundo o vixente PXOM do Porriño, pola afección a relevos e formacións xeolóxicas características, propias e identificadoras da zona, polo previsible impacto, no chan e o relevo, das cimentacións a executar e polos grandes movementos de terra para a construción das vías para o acceso da maquinaria.

O estudo de impacto ambiental debería incidir concretamente na diminución de todos e cada un dos antes referidos efectos, incluíndo a alternativa cero ou de non execución do proxecto se existen dúbidas razoables de que se poda conseguir a redución deses efectos a límites aceptables."

Como consecuencia do exposto resulta evidente que as instalacións proxectadas resultan manifestamente incompatibles coa norma de aplicación directa antes citada, pois os aeroxeneradores cuxa instalación se proxecta alcanzan unha altura de 105 metros cun diámetro de rotor de 90 metros, provocando unha limitación do campo visual indiscutible, rompendo a harmonía da paisaxe e limitando o campo visual nun espazo natural protexido.

CUARTA.- Infracción da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia.

Segundo o disposto polo artigo 4 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, consideráanse que son elementos que teñen que protexerse: o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

xenética, o solo, el subsolo, o auga, o aire, o clima e a paisaxe, así como a interrelación entre os elementos antes mencionados, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en canto poden ser obxecto de contaminación e deterioro por causas ambientais.

Neste senso o artigo 21 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia, preceptúa que nos instrumentos de planeamento urbanístico de carácter xeral, plan xerais de ordenación urbana e normas subsidiarias haberá de terse en conta a defensa do medio ambiente e dos recursos naturais. A este fin determinaranse regulamentariamente as medidas ou condicións tipo de protección ds natureza e a paisaxe, así como da calidade ambiental, que haberán de incorporarse ao planeamento.

Como nos recorda a Exposición de Motivos da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera:

“a atmósfera é un ben común indispensable para a vida respecto o cal todas as persoas teñen o dereito de uso e disfrute e a obriga da súa conservación. Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivarse para a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquer natureza, a calidade do aire e a protección da atmósfera foi, dende décadas, unha prioridade da política ambiental. Así, a medida que os procesos de industrialización e de urbanización de grandes áreas territoriais foron provocando impactos negativos na calidade do aire, fíxose preciso, tanto no plano nacional como rexional e internacional, a articulación dun amplo repertorio de instrumentos legais tendentes a hacer compatibles o desenvolvemento económico e social e a preservación deste recurso natural.”

De conformidade co exposto, sendo innegable que para o desenvolvemento da actividade proxectada resulta preceptiva a obtención previa das licenzas municipais de obra e actividade, e acreditándose que o proxecto remitido resulta totalmente incompatible coas determinacións do vixente planeamento urbanístico municipal, carece de xustificación a continuación do presente expediente.

Por todo elo, fórmulase as presentes alegacións coas consideracións que se conteñen, expresando a total incompatibilidade do proxecto do parque eólico da Serra do Galifeiro coas determinacións normativas expostas, comunicándolle que este Concello considera viciado de nulidade o contido do devandito proxecto. “”

Terceira.- A citada notificación do Xefe da Sección de Enerxía da Delegación de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria non cumpre cos requisitos esixidos, para que as notificación sexan válidas e produzan os seus efectos, pola Lei 30 /1992, de 29 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pois non contén, entre outros, o texto integro da resolución con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, órgano ante que se houbera de presentar e prazo para interposos e polo tanto esta viciada e é nula de pleno dereito.

Cuarta.- Esta Entidade Local Menor, de conformidade coa Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e a Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes, conta como instrumento de ordenación do seu monte patrimonial denominado “Costa de Oya y Otrós”, e incluído no Catálogo de Utilidade Pública co nº 493, cun Proxecto de Ordenación preparado por D. Sergio Frade Castro, Técnico da Empresa Pública de Servizos agrarios Galegos S.A. (SEAGA) co visto e prace de D. Enrique Martínez Chamorro, Xefe do Servizo de Montes da Delegación provincial de Pontevedra da Consellería do medio Rural da Xunta de Galicia, e aprobado na sesión da Xunta Veciñal desta entidade o día 25-02-2010, que se vería atacado, prexudicado e anulado polo proxecto para a execución do PARQUE

EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO que establecía actividades e usos distintos os contemplados e planificados no referido Proxecto de Ordenación.

Quinta.- Con motivo da consulta sobre decisión de impacto ambiental sobre o parque eólico Serra do Galiñeiro efectuada ao concello do Porriño, esta entidade solicitou informe ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Medio Rural de Pontevedra, que tivo o seguinte resultado:

“”0.- ANTECEDENTES.

O Servizo de Montes de Pontevedra ten coñecemento dos planes de instalación do PARQUE EÓLICO TV-20 SERRA DO GALIÑEIRO, polo escrito de solicitude de información que fai a empresa seleccionada pola Xunta de Galicia de cordo ao establecido pola Orde de 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia (documento con entrada no rexistro da Delegación Territorial de Pontevedra en 3/6/2011). Con motivo desta solicitude, o Servizo de Montes remite informe sobre o feito á Dirección Xeral de Montes o 27 de xuño de 2011, xuntando copia da solicitude. No informe se incide sobre o impacto sobre os montes veciñais da Serra do Galiñeiro, que ocupan unha superficie total de 1.087 ha, e en especial sobre 2 montes de Utilidade Pública (en adiante UP), Morgadáns e Chenlo, que en total suman 1.352 ha, o que supón o **47% da superficie ocupada por este tipo de montes na provincia de Pontevedra**. Continúa o informe resaltando a importancia, especialmente en estes 2 montes de UP, onde tódalas actividades están planificadas en cadanseu proxecto de ordenación, **non permitindo a lexislación forestal, tanto estatal como autonómica usos diferentes dos planificados**. Por último, explica no informe que o motivo de que estes montes estean catalogados como de UP, obedece ao cumprimento dos principios contemplados no artigo 13 da lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, entre os que se inclúen a función dos montes de **regulación do ciclo hidrolóxico, de control dos procesos erosivos, e de conservación da biodiversidade**.

Á vista do requirimento que se fai dende a ELM de Chenlo ao Servizo de Montes de Pontevedra, solicitando informe a fin de poder facer as alegacións pertinentes ante a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, emítese este informe. Pero ademais de responder á solicitude da ELM de Chenlo, quérese poñer en coñecemento da Subdirección Xeral de Recursos Forestais sobre o avanzado do trámite e a falla dunha solicitude de informe por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas á Administración Forestal. Neste senso lembrar sobre a necesidade de emitir este informe, que queda recollido na lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, nos seus artigos 38.2 e 39 para o caso de concesións de interese particular, e no seu artigo 40 para o caso de concesións de interese público. Lembrar tamén que no caso de concorrencia de declaracións demaniais será de aplicación o artigo 33 da citada lei, segundo o que se debe determinar cal destas declaracións debe prevalecer. Por último dicir que no artigo 96.1 da citada lei, referente á construción de infraestruturas públicas non forestais, márcase unha directriz que ben podería aplicarse neste caso: **“Os proxectos de construción de infraestruturas alleas á xestión dos montes articularanse de xeito que, sempre que sexa posible, non afecten ou teñan a menor incidencia nos montes, nomeadamente nos montes de utilidade pública, protectores, veciñais en mán común e montes con instrumentos de ordenación e de xestión forestal aprobados pola Administración forestal”**. Neste mesmo artigo, no seu apartado 2, establece o carácter vinculante do informe desta administración no caso de afección a un monte de Utilidade Pública.

1.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE SOLICITADA.

Trátase da instalación e posta en funcionamento de 13 aeroxeneradores na Serra do Galiñeiro, coas instalacións acompañantes, que son: pistas de acceso, vieiros a cada aeroxerador, gabias e cableado, subestación e edificio de control. Nesta



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

análise non se describe o trazado da liña de evacuación. Cada aeroxenerador ten unha altura de buxa de entre 80-105 m, e un diámetro de aspa de 90 m. **Non se describen as afeccións seguintes: área de protección, área de cautela, dimensións das cimentacións.** Tampouco localiza na planimetría o parque de maquinaria, as zonas de amoreamento de materiais, nin as instalacións provisionais.

No referente aos impactos, no documento relaciónanse os seguintes: **perda de solo e alteración da condición hidrolóxica, modificación da paisaxe e aumento do grao de artificialidade, alteración dos hábitats con desprazamento da poboación faunística.** Non atoparon especies singulares, endémicas ou ameazadas. No referente ao impacto sobre o solo, faise a seguinte afirmación: "Estas accións producirán un efecto negativo, de intensidade baixa e puntual inmediata, temporal e reversible a corto prazo, recuperable, sen sinerxismo e non acumulativas, un efecto secundario e irregular". **Destacar o gratuito desta afirmación sen apoiarse en datos procedentes dalgún tipo de muestreo, inventario ou investigación que os avale.**

En canto ás medidas para a protección do medio ambiente, e que sexan de interese dende o punto de vista forestal, descríbense as seguintes:

- Atmosfera: rega do solo en verán.
- Solo
- Fase de construción: selección menos impactante para a localización das instalacións auxiliares, redución movemento de terras, adecuación das pistas ás existentes, estabilización inmediata de zonas vulnerables á erosión, preservado de zonas rochosas de interese ecolóxico ou/e paisaxístico, adecuar as plataformas de cada aeroxenerador á topografía, acondicionar e rehabilitar as zonas afectadas, revexetación de solos afectados. **Non se explica como se vai reducir este impacto ao solo, que no caso deste monte podería ser crítico e irreversible.**
- Fase de abandono: retirar aeroxeneradores, peches e edificacións, aparatos eléctricos ... **Non se cita a restauración ao estado orixinal dos vieiros, gabias, plataformas, ...**
- Hidrografía: non afectar coa construción das gabias ou dos viais ós cursos hídricos da zona, non modificar a rede hidrolóxica, evitar vertidos ós cursos fluviais, situar as obras, instalacións e parque de maquinaria en zonas de mínimo risco de contaminación. **Non explica como vai evitar modificar a rede hidrolóxica, nin fai un estudo da situación da rede de drenaxe natural.**
- Paisaxe: inclúense medidas cara a reducir o impacto cromático, pero non se buscan as mellores localizacións para reducir o impacto visual e acústico. **Non se fai estudo de exposición visual,** tan só se fai unha simulación gráfica de impacto visual que consiste na realización de 5 fotos que non son representativas dos diferentes puntos de vista da Serra do Galifeiro no entorno inmediato do monte, sen entrar a valorar este impacto dende as principais infraestruturas e localidades do Distrito Forestal Vigo-Baixo Miño.

Non se describen as zonas de maior risco de erosión por pendente, por lonxitude de rampa (factor LS da Universal Soil Loss Equation-USLE-), nin se localiza a rede de drenaxe, nin as zonas de fondo de valgada con vexetación ripícola, nin o estado desta rede de drenaxe en canto á súa vulnerabilidade fronte a erosión de fondo e de marxes, polo que resulta imposible cuantificar o risco de erosión, fundamental para decidir sobre a viabilidade dunha instalación destas características. Neste senso dicir que segundo o Inventario Nacional de Erosión de Solos (INES), estímase que o 95% do monte poder ter unhas perdas de entre 0-5 tn/ha por erosión laminar, podendo oscilar entre 5-100 tn/ha no 5% restante. Na documentación que obra nos procedementos de certificación forestal sostible que segue a xestión deste monte, figura no apartado de erosión potencial, extraído tamén do INES, que existe un 80% da superficie do

monte con risco alto de movementos en masa, polo que se recomenda ter en conta este risco á hora de abordar cambios de uso (ficha quinquenal 2009).

2.- OS MONTES DE CHENLO E MORGADÁNS.

Faise mención a estes dous montes coma un todo, aínda que o monte de Morgadáns non se atopa, en principio, afectado. Dada a proximidade das instalacións e as infraestruturas do parque eólico, creuse importante engadir neste punto, esta pequena referencia sobre a importancia do monte de UP Galifeiro, Caldeirón e Outros, que figura no Catálogo Nacional co número 547.

Por ser básico en calquera monte de UP, dicir que tanto o de Chenlo (Costa de Oia, nº493) coma o de Morgadáns (Galifeiro, Caldeirón e Outros, nº547), atópanse ordenados. Estes proxectos de ordenación regulan os usos do monte, non permitíndose outros diferentes dos planificados (art 67.1 Lei 43/2003, de 22 de novembro, de Montes).

Estes montes teñen unha importancia especial por varias razóns:

- **Inclúense entre os 11 de Utilidade Pública que existen na provincia, e supoñen o 47% da superficie total dos mesmos.** Destes once montes de UP, oito pertencen a entidades locais menores ou concellos. É o caso de Chenlo e Morgadáns.
- **Os dous montes de UP atópanse no Sistema de Xestión Forestal Sostible da Xunta de Galicia (SXFXU),** o que significa que se realiza un seguimento intensivo do cumprimento dos seus instrumentos de xestión e que se cumpre o establecido no "Manual de Boas Prácticas Forestais" editado pola propia Xunta de Galicia.
- **Alto valor paisaxístico e recreativo,** debido á proximidade de Vigo e do Parque Natural Monte Aloia. É un valor que está en crecemento e que se espera sexa un dos usos prioritarios destes montes en poucos anos. Destacar que a Serra do Galifeiro estivo en varias ocasións coma zona de posible ampliación do Parque Natural Monte Aloia, e que esta serra forma parte da mesma unidade paisaxística, tal e como se menciona tanto no PORN, coma no PRUX do parque natural.
- **Todo o terreo no monte de UP Costa de Oia (Chenlo) está incluído en Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN) ou de Protección Forestal (SRPF),** no Plan de Ordenación do Concello, de 26 de xuño de 2003. En canto ao monte de UP Galifeiro, Caldeirón e Outros (Morgadáns), tamén se atopan os seus terreos comprendidos dentro da categoría de solo protexido, xa sexa por espazos naturais ou por interese da paisaxe e das masas forestais (Plan Xeral de Ordenación Municipal de 9 de agosto de 1997).

3.- . ESTADO ACTUAL DO MONTE DE UP Nº493, COSTA DE OIA. AFECCIÓN SOBRE O MONTE.

O monte Costa de Oia ocupa 599 ha da Serra do Galifeiro, na parte oriental da mesma. Como todos os montes de UP na provincia está incluído no Rexistro de Montes Ordeados; ademais está deslindado e segue os protocolos de Certificación Forestal Sostible. Anualmente se extraen unha media de 1.054 m³ de madeira de piñeiro e eucalipto. Isto supón uns ingresos medios de 38.660 €. A posibilidade do monte que figura no novo proxecto de ordenación (2010-2019) é de 4.986 m³, co que nos próximos anos de aplicación do mesmo, achegarémonos a esta cantidade, o que suporá uns ingresos anuais de 115.000 €. Ademais existen outros ingresos que fan posible a xestión da ELM, tanto no monte coma no resto das materias da súa competencia. Por outra banda, e segundo a documentación que obra nos procedementos de Certificación Forestal Sostible da Xunta de Galicia (SXFSXU), as potencialidades de usos deste monte son: canteira (25.000 €), mel (1875 kg), cogomelos (1.500 kg), gando (30 cabritos), ademais da produción de auga para rego e abastecemento. Tamén se prevé un aumento no uso recreativo; existe a intención da ELM de promover



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TEL.º: 608 88 62 22

unha rede de sendeiros no monte que teña como centro a área recreativa xa existente, localizada ao lado de campo de fútbol (Chan da Carreira).

O impacto que lle corresponde a este monte ven dado pola instalación de 4 aeroxeneradores, 1.605 m de gabias e 4.000 m de pistas, ademais das instalacións auxiliares que non están localizadas na documentación entregada a este Servizo pola ELM.

A pendente media do monte é do 25%, o que o fai moi vulnerable á erosión, como xa se comentou máis arriba. Para unha maior precisión na cuantificación deste problema fíxose unha análise do parámetro LS da USLE (Universal Soil Loss Equation), a partir de modelo dixital de elevacións 5x5 m proporcionado polo "Instituto Geográfico Nacional" (IGN), considerando especialmente problemáticas aquelas zonas cun valor para este factor maior que 4 (pendente superior ao 40% para calquera lonxitude de rampa, ou maior ao 25% para unha lonxitude maior a 15 m, por poñer dous exemplos). Desta análise cabe concluir que máis do 50% da superficie afectada ten un factor LS superior a 4. Se cuantificamos a superficie con pendente superior ao 25 %, sen ter en conta a lonxitude de rampa, vemos que nos cantóns afectados, un 71% supera esta cantidade, cos trazados das pistas e gabias incluídos nestas zonas na súa maior parte (excepto pequenos tramos en cantóns 1, 11 e 12; ver plano que se achega), e os aeroxeradores totalmente en tódolos casos salvo o número 9, que podería afectar parcialmente a esta zona con pendente superior ao 25%. Por último dicir que o 39,5% dos cantóns afectados ten unha pendente superior ao 40%; neste último apartado, xa extremadamente crítico, incluíríanse: pista que atravesa cantóns 11 e 12, parte da gabia que vai por cantón 12, aeroxenerador 6, parte da pista que va entre cantóns 20 e 21, parte da gabia do cantón 20 e o aeroxenerador 8.

A densidade de vías neste monte é de 80,72 m/ha, xa excesiva nun monte tan abrupto; o impacto na zona afectada (superficie suma dos cantóns: 157,62 ha), é de 25,38 m/ha no que se refire a pistas, e de 10,18 m/ha en canto ás gabias, sumando entre as dúas afeccións 35,56 m/ha, cerca dun 50% da densidade da rede actual de infraestruturas do monte. Aínda que parte das pistas que se van utilizar forman xa parte da rede de pistas (aproximadamente 1.000 m da rede primaria e 1500 m da rede secundaria), o impacto das obras será grande dada a necesidade de realizar novos trazados que se axusten ás pendentes e radios de xiro necesarios para o transporte dos aeroxeradores.

En relación á rede de drenaxe o número de interseccións entre a infraestrutura deseñada e esta é de 16, tendo en conta unha rede con umbral de escorrenta de 5 ha, e considerando aquelas con orde de Strahler maior ou igual a 2. O risco de concentración de escorrenta pola alteración da rede de drenaxe é grande. Tamén resulta de interese resaltar a posibilidade de afectar nacentes de auga, dado que se trata dunha zona onde abundan as cabeceiras dos diferentes regatos da vertente Leste da Serra do Galifeiro.

As obras de adaptación da rede de infraestruturas actual ás novas necesidades, mais a construción de novos accesos, a instalación das gabias e da preparación das plataformas para os aeroxeradores, incidirá sobre a rede de drenaxe e sobre a estabilidade dos solos fronte a erosión, xerando unha zona alterada (desmontes e terrapléns) que provocará emisión de sedimentos, e concentración da escorrenta, o que podería supor perdas de chan difíciles de cuantificar. Se ao anterior se lle engade o forte risco de erosión existente (pendente, factor LS, solos pouco evolucionados), pódese asegurar que se producirá un forte incremento da erosión tra-las obras de instalación do parque eólico. Esta erosión xerará un caudal sólido que se ten que evacuar por unha rede de drenaxe da que se descoñece o seu estado e as súas capacidades.

Na seguinte táboa preséntanse os cantóns (unidade de inventariación e ordenación na planificación do monte) afectados polo parque eólico, cos datos de pendente media, orientación, e as accións polas que se verá afectado. Tamén

se identifica a vexetación actual, o risco de erosión e o grao de afección á rede de drenaxe, e se valora o impacto sobre a paisaxe en función do estado de conservación da zona e a visibilidade da obra pola súa localización e altitude.

Cantón	Pte %	Orient	AFECCIONS	Risco erosión	Rede drenax.	Vexetación	Idade/ FCC	Paisaxe
1	47	S _i	pista	medio	moi alto	piñeiro	9-24 /70	medio
3	22	S	pista	medio	alto	piñeiro	14/90	medio
11	27	S	pista,aeroxer(9), gabia	moi alto	moi alto	piñeiro(a-9)	14-25 /80	moi alto
12	33	E	pista,aerox(6),gabia caseta(incendios)	moi alto	moi alto	matogueira, piñeiro	18-36 /50	moi alto
13	22	E	pista	medio	alto	piñeiro	36 /100	baixo
17	22	SE	pista	medio	alto	piñeiro	21/65	baixo
20	27	E	pista,aeroxer(7), gabia	alto	medio	matogueira, piñeiro	19/50	alto
21	32	E	gabia,pista	alto	alto	eucalipto	16/50	baixo
23	37	E	pista,aeroxer(8), gabia.área recreat.	alto	baixo	Piñeiro (a-8)	14/90	moi alto

En canto ao grao de redución da capacidade produtiva, resulta difícil cuantificala, porque na documentación consultada non figuran as afeccións exactas das diferentes obras: plataformas, apertura da caixa para as pistas, ..., nin as servidumes de voo dos aeroxeradores. No entanto, dicir que se atopan en produción de madeira de piñeiro tódolos cantóns afectados menos o 21, que se adica á produción de madeira de eucalipto. No caso dos cantóns de piñeiro estímase unha capacidade produtiva actual de 10 m³/ha.ano, sendo de 25 m³/ha.ano, no caso do eucalipto (estimacións feitas a partir dos datos do proxecto de ordenación).

Advertir da presenza de xacementos arqueolóxicos nos cantóns 1 e 3, nas proximidades da pista que une o aeroxerador 2 co 4.

Segundo o proxecto de ordenación do monte existen varios nacementos que se poderían ver afectados polos trazados das pistas ou/e plataformas dos aeroxeradores nos cantóns; 11, 20 e 21.

Por último, avisar da localización do aeroxerador nº 6 a uns 60 m da caseta de vixilancia do Galíñeiro, pertencente ao sistema de vixilancia e detección de incendios forestais da Xunta de Galicia. Este aeroxerador podería entorpecer as labores realizadas dende a mesma.

Á vista da táboa anterior, pódese concluir que o impacto máis grave se produce nos cantóns 11 e 12, sendo tamén elevado no resto do monte no referente a alteración da rede de drenaxe e risco elevado de erosión. En canto á alteración e transformación do solo estímase unha superficie total alterada de entre 6-10 ha, das que boa parte están hoxe ocupadas por plantacións de piñeiro en produción. Non se pode cuantificar a afección en canto ao cambio de actividade que obrigaría a instalación do parque no referente a zonas que hoxe son arboradas e que terán que deixar de selo pola áreas de protección entorno aos aeroxeradores. Non se puido contemplar a afección da liña de evacuación porque non se incluíu no documento de inicio.

4.-CONCLUSIÓNS. PROPOSTA DO INFORME

Non se considera viable a instalación proposta no monte de UP nº493, Costa de Oia, pertencente á ELM de Chenlo polas seguintes razóns:

1.- Importancia dos montes de UP. A natureza destes montes aconsella evitar accións que poidan deturpalos, pois se mantéñen no catálogo polas súas funcións de **regulación do ciclo hidrolóxico, de control dos procesos erosivos, e de conservación da biodiversidade**. Isto, unido á oposición manifesta da entidade titular do monte, considéranse razóns dábondo para non recomendar a instalación dun parque eólico neste monte. A maior abundamento, estes montes están perfectamente deslindados e sinalados, atópanse ordenados e son modélicos en canto á súa xestión, polo que interesa mantelos libres de calquera alteración fora da súa planificación. Son montes que, grazas a



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

estaren perfectamente ordenados, están en harmonía coa poboación local, contribuíndo tamén dende o punto de vista paisaxístico e recreativo ao espaxemento das cidades do entorno, coma Porriño, Gondomar, Vigo e Pontevedra.

2.- Non se presenta o trazado da liña de evacuación, polo que non se pode cuantificar nin a afección nin o impacto da mesma.

3.- Non se localizan, nin polo tanto se cuantifican os seus impactos, o **parque de maquinaria, as zonas de amorcemento de materiais nin as instalacións provisionais. Tampouco se establecen as áreas de protección nin de cautela do entorno dos aeroxeneradores.**

4.- Nun primeiro estudio feito cos datos do proxecto de ordenación e mais cos datos topográficos extraídos do modelo dixital de elevacións 5x5 m do IGN, ademais da información extraída do INES, conclúese que **é esperable un gran impacto sobre os solos do monte "Costa de Oia", con fenómenos erosivos importantes que non están cuantificados no documento de inicio.** O anterior unido a unha rede de drenaxe que se verá alterada, e que non foi estudada en canto ao seu grao de estabilidade, recomendan non autorizar unha instalación como a que se pretende. Lembrar que os caudais líquidos e sólidos procedentes dos fenómenos erosivos terán que ser trasladados por unha rede de drenaxe que podería non ser suficiente, co conseguinte risco para as infraestruturas e as poboacións que se localizan augas abaixo, na aba oriental da Serra do Galifeiro.

Por todo o anterior, infórmase negativamente sobre a instalación de 4 aeroxeneradores, viais e instalacións accesorias necesarias, no monte de UP nº 493, Costa de Oia. No entanto, de querer continuar co proxecto de instalación deste parque eólico:

5.- Recoméndase a realización do trámite de avaliación de impacto ambiental, dados os riscos de erosión detectados.

6.- Lémbrese a necesidade de realizar trámite de prevalencia, segundo o establecido no artigo 33 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, pola concurrencia de 2 declaracións demaniais, tal e como tamén establece o artigo 45 (concurrency de utilidades públicas, trámite de compatibilidade e declaración de prevalencia) da Lei 8/2009, de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en plena coincidencia coa lexislación forestal anteriormente mencionada.""

Sexta.- A Entidade Local Menor de Chenlo, do municipio do Porriño, provincia de Pontevedra é unha Entidade de ámbito inferior á municipio das reguladas na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e polo tanto un administración pública das comprendidas no artigo 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.(LRXPAC).

Sendo competencia das Entidades Locais Menores a administración, conservación e defensa do seu patrimonio, é a esta á que corresponde o exercicio das accións que sexan procedentes, xa sexan administrativas ou xudiciais de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e para isto necesita como condición "sine qua non" estar informada e notificada de forma directa e persoal para poder defender os seus dereitos e intereses e os dos veciños que representa.

Conforme establece a LRXPAC as Administracións públicas, nas súas relacións, se rexen polos principios de cooperación, colaboración, e coordinación, entre outros, e a Xefatura da Sección de Enerxía da Delegación e Pontevedra da Consellería de Economía e Industria, órgano da Administración autonómica, non cumpriu con estes principios, toda vez que sendo cofecedora, como non pode ser doutra forma da natureza xurídica e cualidade de administración pública da Entidade Local Menor de Chenlo, así como da condición tuteladora e xestora dos montes de Utilidade Pública (UP) que ten a Consellería do Medio Rural e do Mar, non se preocupou de

notificarlles directa e persoalmente e darlles traslado de tódalas actuacións que se realizaron e se están levando a cabo sobre os procedementos relativos ao PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO e concretamente aos trámites necesarios para a avaliación e declaración do impacto ambiental ao que está obrigado someterse tal proxecto, obviándose incluso o obrigatorio e esencial trámite de consulta esixido no artigo 5.1.d. e 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Evaluación de Impacto ambiental, desenvolvéndose así unha actuación da relevancia e alcance medio ambiental da que se trata sen acadar os obxectivos que establececen as leis e o resto do noso ordenamento xurídico.

Sétima.- A Entidade Local Menor de Chenlo é a titular do monte denominado "Costa de Oya y Otros" incluído no Catálogo de Utilidade Pública co nº 493, (onde se pretende executar o referido proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO que polo só feito de ser de utilidade pública se converte nun ben de dominio público ou demanial segundo a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia (artigos 14 e 15) e a Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes (artigo 12) coas conseguíntes coberturas, protección, natureza xurídica, etc. establecidos na devanditas Leis de Montes e no Regulamento de Montes aprobado por Decreto 485/1962, de 22 de febreiro vixente en tanto non se opoña ó recollido naquelas.

Oitava.- Ó ser un monte de utilidade pública coa clasificación de ben de dominio público ou demanial está tutelado pola Xunta de Galicia que é a Administración Xestora do citado Monte de utilidade pública e como tal antes de resolverse sobre a avaliación de impacto ambiental deberá darse intervención e ser oída dicha administración tuteladora e xestora do monte de utilidade pública e ter o informe de compatibilidade coa preexistencia dos valores naturais que determina o art. 15.4 Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes, que establece:

"La Administración gestora de los montes demaniales someterá a otorgamiento de concesión todas aquellas actividades que impliquen una utilización privativa del dominio público forestal. En los montes catalogados, esta concesión requerirá el informe favorable de compatibilidad con la persistencia de los valores naturales del monte por parte del órgano forestal de la comunidad autónoma."

Isto quere dicir que aínda pasando o meritado proxecto os trámites oportunos, para poder concederse a declaración de impacto ambiental a potencial execución de tal proxecto que levaría consigo actos de ocupación e uso do solo e obras e actividade suxeitas a licenza municipal, amén doutras autorizacións administrativas concorrentes, cuxo control lle corresponde ao concello do Porriño e á Consellería do Medio Rural (administración tuteladora e xestora do monte) e a propia titular do monte (Entidade Local Menor de Chenlo) que terían que pronunciarse negativamente ante un proxecto nulo de pleno dereito por todo o xa exposto e por ser totalmente incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico do concello do Porriño, facendo inútiles e ineficaces e carentes de toda lóxica xurídica a prosecución dos trámites iniciados.

A maior abastamento lembrar a necesidade, como requisito sine qua non, da autorización do titular dos terreos afectados tal como prescribe o artigo 173 do Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, do Regulamento de Montes, que di:

"El consentimiento de la Entidad titular es necesario para autorizar ocupaciones o servidumbres en los montes."

Quando el dueño se opusiere, el Servicio Forestal correspondiente, sin más trámites, dará por concluso el expediente, comunicando a los interesados no haber lugar a lo solicitado."

Novena.- Así pois a Entidade Local Menor de Chenlo e a Consellería do Medio Rural e do Mar, son lexítimas interesadas nos procedementos relativos ao proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO, e se está soslayando e obviando creándolles indefensión.



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Décima- Tal e como quedou dito e segundo establecen o artigos 5.1.d. e 17.2 do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Evaluación de Impacto Ambiental, "La evaluación de impacto ambiental de proyectos comprenderá las siguientes actuaciones: d. Evacuación del trámite de información pública y de consulta a las Administraciones públicas afectadas y a las personas interesadas, por el órgano sustantivo"; "previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16". Neste caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Secretaría Xeral se houbera remitido consulta algunha nina esta Entidade Local Menor de Chenlo, nin á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, polo que se advirte a esa Xefatura da privación de tan relevante trámite ás citada administracións públicas que resultan gravemente afectadas pola realización do proxecto de referencia.

Décimo primeira- A actividade como a que é obxecto do proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO está suxeita:

-Á licenza urbanística, de acordo co art. 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e o art. 10 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia, e o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana aprobada por Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, por levar aparelado movementos de terra.

A competencia para outorgar as devanditas licenza corresponde ao Concello.

Por conseguinte se se concede a autorización administrativa pretendida sabendo que a actividade ou uso comprendido no obxecto do proxecto esta prohibido pola súa total incompatibilidade cos espazos coa protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico do concello do Porriño en vigor, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves; e asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galiñeiro, como xa se deixou dito, estaríase creando unha expectativa de dereito non realizable brindando aos promotores do parque eólico a posibilidade de entablar a pertinente reclamación patrimonial contra as autoridades e funcionarios que posibilitaron tal expectativa.

Por todo o anteriormente exposto estimamos que de continuarse co expediente do proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO, que é nulo de pleno dereito, se vulneraría os seguintes preceptos e normas:

-Artigos 5 e 17.2 do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental.

-Artigo 13 do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Suelo.

Artigos 31, 32, 33 a 39 e 104.b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

-O Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello do Porriño-PXOM-, en vigor, que foi aprobado polo seu Pleno Corporativo con data 26-06-2003 e publicado o seu texto normativo e ordenanzas no BOP, nº 203 de 21-10-03 e un anuncio relativo a aprobación no DOG Nº 204 de 21-10-2003).

-Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia.

-Artigo 4 e 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

-Artigo 18.4 da Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes.

-Artigos 14, 15, 38.2, 39, 67.1 e 96 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

-Artigo 12 da Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes.

-Regulamento de Montes aprobado por Decreto 485/1962, de 22 de febreiro.

-Artigos 17 e 23 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

-Artigo 127 do Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

-Sentencia do Tribunal Supremo de data 07-06-2012, Sección 5ª, Sala do Contencioso-Administrativo.

Polo exposto, e tendo en conta sempre que debe primar o interese público e xeral sobre o interese particular, esta Alcaldía Pedanía en defensa dos dereitos da propia Entidade que representa e dos veciños da parroquia de Chenlo, a esa Dirección Xeral de Enerxía e Minas,

SOLICITA:

Se declare nulo de pleno dereito tanto o PROXECTO DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO como as actuacións practicadas na súa tramitación, por ter vicios esenciais que os invalidan e por haberse conculcado os principios, preceptos legais e sentenza citados e demais concordantes e de xeral aplicación, procedéndose ó arquivo de todo o actuado sen máis trámite.””

-Escrito do Alcalde Pedáneo de data 05-11-2012 (R.S. nº 32) remitido á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Secretaría Xeral de Ccalidade e Avaliación ambiental, Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que literalmente di:

“”**ASUNTO:** DECISIÓN DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SOBRE PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO

Promotor: TERRA DO VENTO, S.R.L.
Localización: CONCELLOS DE GONDOMAR, MOS, PORRIÑO E VIGO (PONTEVEDRA)
CLAVE:2011/0184

En relación co asunto epigrafiado, formulase por medio do presente rotunda OPOSICIÓN ao proxecto SOBRE PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO, en base as seguintes:

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- O día 05-12-2011, mediante oficio desta Alcaldía Pedanía (R.S. nº 32/2011) dirixido ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería do Medio Rural da Xunta de se lle participou o seguinte:

“”**ASUNTO:** CONSULTA SOBRE DECISIÓN DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SOBRE PAQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO.
PROXECTO: PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO.



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

PROMOTOR: TERRA DO VENTO, S.R.L.
LOCALIZACION: CONCELLOS DE GONDOMAR, MOS, PORRIÑO E VIGO
(PONTEVEDRA)
CLAVE:2011/0184.

Recibido no concello do Porriño escrito (R.E. 9055/04-11-11) de datas 02-11-2011 do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental relativo ao asunto epigrafiado e estimando que tal proxecto afecta ao monte patrimonial desta Entidade denominado "Costa de Oya y Otros", catalogado de utilidade pública co nº 493, e polo que se interesa dese servizo emitan o oportuno informe a fin de poder facer as pertinentes alegacións, para o cal se lle achega o referido escrito cun exemplar en soporte dixital da documentación remitida co mesmo (CD) e a contestación dada polo concello do Porriño ao devandito escrito (R.S 5803/02-11-11)."

SEGUNDA.- O día 02-11-2012 rexistrouse de entrada nesta entidade co núm 16 escrito de data 23-10-2012 do Servizo de Montes de Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia mediante o cal se contestou a devandita solicitude, e que é do teor literal seguinte:

““En relación á súa solicitude de informe para poder facer as alegacións pertinentes ante a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, e á vista do informe emitido pola Área de Montes de Xestión Pública deste Servizo, comunícolle o que segue:

1.- En relación a documento que a compañía: “Consulta sobre decisión de Avaliación de Impacto ambiental. Parque Eólico Serra do galiñeiro” (documento en CD) destacar:

1.a.- Que non se describe o trazado da liña de evacuación. Tampouco se describen as afeccións seguintes: área de protección, área de cautela, dimensións das cimentacións, parque de maquinaria, as zonas de amoreamento de materiais, nin as instalacións provisionais.

1.b.- Que aínda que se inclúe o trazado das pistas e gabias, non se presenta un documento que analice os efectos que estas infraestruturas van causar sobre a zona. Zona cun 71 % de pendente superior ao 25%, e cun 39,5 % superior ao 40%.

1.c.- Que non se describen nin se avalían os efectos que as actuacións van ter sobre o solo e sobre a rede de drenaxe. Nin as posibilidades de que se produzan fenómenos erosivos.

1.d.- Que non se ten en conta a existencia dunha caseta de vixilancia de incendios forestais, pertencente á rede da Xunta de Galicia.

1.e.- Que non se avalía o impacto sobre os nacentes de auga existentes na zona.

2.- En relación coa xestión do monte de UP nº 493.

2.a.- No se valora a alteración dos usos e da planificación do monte (monte ordenado, catalogado como de utilidade pública, deslindado e incluído no Sistema de Xestión Forestal Sostible da Xunta de Galicia).

3.- Con respecto á tramitación do expediente de instalación do parque eólico nos montes de UP en xeral, e deste monte en particular.

3.1.- Por todo o anterior, recoméndase o trámite de Avaliación de Impacto Ambiental que cuantifique os riscos da instalación do parque eólico.

3.2.- Lémbrase a necesidade de realizar o trámite de prevalencia, segundo o establecido no artigo 33 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. No caso de concurrencia de 2 declaracións demaniais, tal e como tamén establece o artigo 45 (concorrecia de utilidades públicas, trámite de compatibilidade e declaración de prevalencia) da Lei 8/2009, de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en plena coincidencia coa lexislación forestal anteriormente mencionada.””

TERCEIRA.- Esta Alcaldía Pedanía, en representación Entidade Local Menor de Chenlo, asume íntegramente facendo súas as alegacións formuladas no escrito do Sr. Alcalde do Concello do Porriño de data 02-12-2011 (R.S. 5803/2011) dado en contestación ó escrito de 02-11-2011 da Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se remitiu ao concello do Porriño o Documento de inicio do proxecto de parque eólico do proxecto parque eólico serra do Galiñeiro (no que por certo non se deu intervención nin participación algunha a esta Entidade Local Menor), que é do teor literal seguinte:

“Visto o oficio de data 2 de novembro de 2011 (RE 9055, 04-11-2011) remitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se remite a esta administración o “Documento de inicio do proxecto de parque eólico Serra do Galiñeiro”.

A documentación remitida componse por un CD onde figura o documento titulado “documento de inicio do proxecto de parque eólico Serra do Galiñeiro” e “Simulación gráfica impacto visual. Parque eólico Serra do Galiñeiro”.

Formulándose por esa Secretaría Xeral consulta a esta administración municipal para que informe sobre si considera que o proxecto remitido podería causar impactos ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento ambiental presentado, formulanse as seguintes **ALEGACIONES:**

1º) Debe indicarse, en primeiro lugar, que tal e como establece o artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Evaluación de Impacto Ambiental, “*previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16*”. En este caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Secretaría Xeral se houbera remitido consulta algunha á Entidade Local Menor de Chenlo, polo que se advirte a esa Secretaría Xeral a necesidade de formular a mesma á citada entidade, pois a Entidade Local resulta gravemente afectada pola realización do proxecto de referencia.

2º) Entrando xa na análise do proxecto remitido debe indicarse a esa Secretaría Xeral que o proxecto de parque eólico da Serra do Galiñeiro causa uns graves impactos ambientais que non resultan xustificadas tendo en conta as medidas correctoras e protectoras previstas polo promotor do mesmo.

Debe indicarse que o ámbito no que se proxecta o parque eólico Serra do Galiñeiro resulta totalmente incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico municipal do Concello de O Porriño. Neste sentido **A TOTALIDADE DA SUPERFICIE AFECTADA ENCONTRASE CLASIFICADA POLO VIXENTE PXOM COMO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.**

En canto á utilización do solo en situación de solo rural, o artigo 13 do Texto Refundido da Lei Estatal do Solo (TRLS/08), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, establece que estos terreos utilizaranse de conformidade coa súa natureza, debendo dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquer outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais. Polo tanto, o uso normal que integra o dereito de propiedade do solo rústico consiste na explotación do medio rural, en calquera das súas formas, cos límites que impón a Constitución Española en canto á utilización racional dos recursos naturais e os que establezan as leis e a ordenación territorial e urbanística.

Por outro lado, o TRLS/08 determina que, con carácter excepcional e polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse outros actos e usos específicos que sexan de interese público ou social pola súa contribución á ordenación e o desenvolvemento rural ou porque haxan de emprazarse no medio rural. Asemade, debe terse en conta que a utilización do solo rústico con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable queda sempre sometida e suxeita á preservación de ditos valores, e comprende unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

En liña co TRLS/08, o artigo 31 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que o dereito de propiedade en solo rústico comprende o dereito a usar, disfrutar e dispor de eles de conformidade coa natureza e destino rústico dos mesmos e o disposto na súa lexislación sectorial. **Destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou**



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de se-lo caso e por este orde, establezan a lexislación sectorial de aplicación, a presente Lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio.

Mais concretamente, e en relación co solo rústico de especial protección de espazos naturais, define o artigo 32.2.f) da LOUGA como o solo constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001 de Protección da Natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente, terán dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico estimen necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.

Pois ben, neste senso e de conformidade co contido do artigo 16.2.3.5 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (BOP 21 de outubro de 2003) que establece o réxime do solo rústico de protección de espazos naturais, indícase o seguinte:

“1. Usos permitidos por licenza municipal: os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra l), do artigo 33 da LOUG.

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma: os vinculados á conservación, utilización e disfrute do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 33 da LOUG.

3. Usos prohibidos: Todos os demais especialmente os residenciais e industriais.

O ámbito de aplicación desta ordenanza correspóndese cos ámbitos delimitados na Orde 28/10/99, DOG 216 do 9/11/99, correspondente ás Gándaras (Budiño), así como ás áreas de especial interese medioambiental, delimitadas nos planos a escala 1:5000, correspondentes ao Monte do Faro e O Penedo, situados ao leste do termo municipal, e a Serra de O Galiñeiro, situada ao oeste.

Nestas áreas recoméndase redactar planes especiais, con carácter de plan de ordenación de recursos naturais, que establezan os usos permitidos e que compatibilice o seu aproveitamento.

Nos ámbitos delimitados non se autorizará ningún tipo de construción, excepto as torres de vixilancia e as garitas de observación de aves, e aquelas outras necesarias para a conservación e mellora do medio rural.

Ata que non se redacte o plan de conservación específico non se autoriza ningún outro tipo de uso, con excepción dos xa emplazados na actualidade”.

A maior abastamento inclúese no propio PXOM a ficha do Plan Especial para as ladeiras do Monte Galiñeiro, na que se indica que o ámbito de aplicación do mesmo será todo o ámbito grafiado como SRPEN (solo rústico de protección de espazos naturais) nas ladeiras do Galiñeiro, e que o obxectivo do mesmo é compatibilizar a conservación do espazo natural co seu enteno, recollendo como usos autorizados exclusivamente os vinculados á conservación do medio natural.

Exposto o que antecede, resulta evidente que o proxecto do parque eólico Serra do Galiñeiro é **TOTALMENTE INCOMPATIBLE** coa protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico en vigor, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves. Asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galiñeiro.

3*) A maior abastamento o artigo 104.b) da propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que “Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.”

Neste senso polo arquitecto municipal emitiuse informe técnico en data 01.12.2011 no que se indica o seguinte:

“Unha vez examinado o documento de inicio do proxecto achegado, emítese o seguinte:

INFORME.

1.- Os aeroxeneradores e a súa infraestrutura accesoria atópanse situados dentro de terreos clasificados como Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais (SRPEN) polo vixente Plan xeral de Ordenación Municipal do Porriño.

2.- O tamaño dos aeroxeneradores, desde a base ata a punta superior do rotor pode chegar a alcanzar os 150 metros, o que resulta equivalente a un edificio de 50 plantas.

3.- Do documento de inicio do proxecto dedúcese o grande impacto no chan e o relevo que vai ter a escavación das cimentacións dos aeroxeneradores polo seu enorme tamaño, e tamén a construción das vías necesarias para o acceso da maquinaria encargada de transportar e instalar as xigantescas pezas, con estritas limitacións de pendentes lonxitudinais e transversais o cal fará obrigado facer importantes modificacións nos perfís das ladeiras.

4.- O conxunto dos aeroxeneradores imponse sobre o característico e peculiar perfil da Serra do Galiñeiro, incidindo sobre formacións de monte pelado granítico de alto valor paisaxístico e visual.

5.- Non parecen suficientes nin realistas as dubidosas xustificacións escritas, e sobre todo gráficas (montaxes fotográficas) incluídas no documento de inicio acerca de medidas correctoras sobre os impactos paisaxísticos e visuais.

Por todo elo, estímase, como conclusión, que o proxecto debería ser sometido a avaliación de impacto ambiental pola súa forte incidencia visual na paisaxe, pola descomunal escala dos aparellos aeroxeneradores, pola súa ubicación en terreos afectados por unha protección de espacios naturais segundo o vixente PXOM do Porriño, pola afección a relevos e formacións xeolóxicas características, propias e identificadoras da zona, polo previsible impacto, no chan e o relevo, das cimentacións a executar e polos grandes movementos de terra para a construción das vías para o acceso da maquinaria.

O estudo de impacto ambiental debería incidir concretamente na diminución de todos e cada un dos antes referidos efectos, incluíndo a alternativa cero ou de non execución do proxecto se existen dúbidas razoables de que se poda conseguir a redución deses efectos a límites aceptables."

Como consecuencia do exposto resulta evidente que as instalacións proxectadas resultan manifestamente incompatibles coa norma de aplicación directa antes citada, pois os aeroxeneradores cuxa instalación se proxecta alcanzan unha altura de 105 metros cun diámetro de rotor de 90 metros, provocando unha limitación do campo visual indiscutible, rompendo a armonía da paisaxe e limitando o campo visual nun espazo natural protexido.

4º) Segundo o disposto polo artigo 4 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, consideranse que son elementos que teñen que protexerse: o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o solo, o subsolo, o auga, o aire, o clima e a paisaxe, así como a interrelación entre os elementos antes mencionados, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en canto poden ser obxecto de contaminación e deterioro por causas ambientais.

Neste senso o artigo 21 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia, preceptúa que nos instrumentos de planeamento urbanístico de carácter xeral, plan xerais de ordenación urbana e normas subsidiarias haberá de terse en conta a defensa do medio ambiente e dos recursos naturais. A este fin determinaranse regulamentariamente as medidas ou condicións tipo de protección da natureza e a paisaxe, así como da calidade ambiental, que haberán de incorporarse ao planeamento.

Como nos recorda a Exposición de Motivos da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera:

"a atmosfera é un ben común indispensable para a vida respecto o cal todas as persoas teñen o dereito de uso e disfrute e a obriga da súa conservación.

Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivarse para a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquer natureza, a calidade do aire e a protección da atmosfera foi, dende décadas, unha prioridade da política ambiental. Así, a medida que os procesos de industrialización e de urbanización de grandes áreas territoriais foron provocando impactos negativos na calidade do aire, fíxose preciso, tanto no plano nacional como rexional e internacional, a articulación dun amplo repertorio de instrumentos legais tendentes a hacer compatibles o desenvolvemento económico e social e a preservación deste recurso natural."

De conformidade co exposto, sendo innegable que para o desenvolvemento da actividade proxectada resulta preceptiva a obtención previa das licenzas municipais de obra e actividade, e acreditándose que o proxecto remitido resulta totalmente incompatible coas



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n,
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TEL.F.: 608 88 62 22

determinación do vixente planeamento urbanístico municipal, carece de xustificación a continuación do presente expediente.

Por todo elo, fórmulase as presentes alegacións coas consideracións que nel se conteñen, expresando a total incompatibilidade do proxecto do parque eólico da Serra do Galifeiro coas determinacións normativas expostas, comunicándolle que este Concello considera totalmente inapropiado o contido do devandito proxecto.”

CUARTA.- Esta Alcaldía Pedanía, en representación Entidade Local Menor de Chenlo, igualmente asume íntegramente facendo súas as alegacións formuladas no escrito do Sr. Alcalde do Concello do Porriño de data 5-10-2012 (R.S. 5981/2012) dado en contestación ós oficios de data 27 de setembro e 28 de setembro de 2012 (RE 8585 e 8800, 02-10-2012 e 08-10-2012) remitidos pola Xefatura Territorial da delegación de Pontevedra da consellería de Economía e Industria polo que se remite ao Concello do Porriño tanto a Separata do Parque Eólico Serra do Galifeiro como a solicitude para declaración de utilidade pública dos bens e dereitos afectados polo Parque Eólico Serra do Galifeiro (no que por certo non se deu intervención nin participación algunha a esta Entidade Local Menor), que é do teor literal seguinte:

“Vistos os oficios de data 27 de setembro e 28 de setembro de 2012 (RE 8585 e 8800, 02-10-2012 e 08-10-2012) remitidos por ese Xefatura Territorial polo que se remite a esta administración tanto a Separata do Parque Eólico Serra do Galifeiro como a solicitude para declaración de utilidade pública dos bens e dereitos afectados polo Parque Eólico Serra do Galifeiro.

Formulándose por esa Xefatura Territorial consulta a esta administración municipal sobre o condicionado do proxecto antes citado, procédese a formular as seguintes **ALEGACIONES:**

PRIMEIRA.- Infracción do artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental.

Debe indicarse, en primeiro lugar, que tal e como establece o artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Evaluación de Impacto Ambiental, “*previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16*”. En este caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Secretaría Xeral se houbera remitido consulta algunha á Entidade Local Menor de Chenlo, polo que se advirte a esa Secretaría Xeral a necesidade de formular a mesma á citada entidade, pois a Entidade Local resulta gravemente afectada pola realización do proxecto de referencia.

SEGUNDA.- Nulidade do proxecto eólico do Parque Eólico Serra do Galifeiro.

A) Infracción dos artigos 33 e 39 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Debe denunciarse, en primeiro lugar, a evidente nulidade que concorre no proxecto sectorial en tramitación para a implantación do parque eólico Serra do Galifeiro, ao infrinxir tanto o artigo 5º do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incedencia supramunicipal, como os artigos 33 e 39 da vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Neste senso debe lembrarse que o indicado artigo 5º.3 do Decreto 80/2000 (relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e coa lexislación urbanística)

preceptúa que no solo rústico de especial protección quedan prohibidas as actuacións que resulten incompatibles cos seus valores ecolóxicos, medioambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou calquera outro que sexa obxecto da protección outorgada ou coas proteccións derivadas da lexislación sectorial de aplicación.

Pois ben, no presente caso o ámbito do Concello de O Porriño no que se proxecta o parque eólico Serra do Galifeiro ENCONTRASE CLASIFICADA POLO VIXENTE PXOM COMO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS, clasificación urbanística que, como a continuación se xustifica resulta manifestamente incompatible coa implantación das instalacións proxectadas. Así o recolle o arquitecto municipal no seu informe de data 23 de outubro de 2012 ao sinalar o seguinte:

"Os aeroxeneradores e a súa infraestrutura accesoria atópanse situados dentro de terreos clasificados como Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais (SRPEN) polo vixente Plan xeral de Ordenación Municipal do Porriño. Para esta clase de solo as determinacións do vixente PXOM, aprobado o 26 de xuño de 2003, no seu apartado 16.2.3.5 son:

En los ámbitos delimitados no se autorizará ningún tipo de construción, excepto las torres de vigilancia y las garitas de observación de aves, y aquellas otras necesarias para la conservación y mejora del medio natural.

Hasta que no se redacte el plan de conservación específico, no se autoriza ningún otro tipo de uso, con excepción de los ya emplazados en la actualidad."

Por outra banda, as instalacións proxectadas, para a xeración de enerxía eléctrica, non se atopan dentro das autorizables para este tipo de solo segundo o previsto pola Lei 9/2002 modificada pola 2/2010 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non tendo sido redactado o plan de conservación, e non sendo autorizables as instalacións previstas no proxecto, estímase como INCOMPATIBLE o proxectado co ordenamento urbanístico vixente."

En canto á utilización do solo en situación de solo rural, o artigo 13 do Texto Refundido da Lei Estal do Solo (TRLS/08), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, establece que estos terreos utilizaranse de conformidade coa súa natureza, debendo dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquer outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais. Polo tanto, o uso normal que integra o dereito de propiedade do solo rústico consiste na explotación do medio rural, en calquiera das súas formas, cos límites que impón a Constitución Española en canto á utilización racional dos recursos naturais e os que establezan as leis e a ordenación territorial e urbanística.

Por outro lado, o TRLS/08 determina que, con carácter excepcional e polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse outros actos e usos específicos que sexan de interese público ou social pola súa contribución á ordenación e o desenvolvemento rural ou porque haxan de emprazarse no medio rural. Asemade, debe terse en conta que a utilización do solo rústico con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable queda sempre sometida e suxeita á preservación de ditos valores, e comprende unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

En liña co TRLS/08, o artigo 31 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que o dereito de propiedade en solo rústico comprende o dereito a usar, disfrutar e dispor de eles de conformidade coa natureza e destino rústico dos mesmos e o disposto na súa lexislación sectorial. **Destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de se-lo caso é por este orde, establezan a lexislación sectorial de aplicación, a presente Lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio.**

Mais concretamente, e en relación co solo rústico de especial protección de espazos naturais, define o artigo 32.2.f) da LOUGA como o solo constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

9/2001 de Protección da Natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente, terán dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico **estimen necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.**

Do mesmo xeito a Lei 9/2002, establece nos seus artigos 33 e 39 tanto os usos permitidos e autorizables en solo rústico como os concretamente permisibles en solo rústico de protección de espazos naturais, distinguindo no seu artigo 33 como usos posibles en solo rústico os seguintes:

f) *Instalaciones necesarias para los servicios técnicos de telecomunicaciones, la infraestructura hidráulica y las **redes de transporte, distribución y evacuación de energía eléctrica**, gas, abastecimiento de agua y saneamiento, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.*

m) *Infraestructuras de abastecimiento, tratamiento, saneamiento y depuración de aguas, de gestión y tratamiento de residuos, e **instalaciones de generación o infraestructuras de producción de energía.***

Pois ben, o indicado artigo 39 da Lei 9/2002, referido aos usos autorizables en solo rústico de protección de espazos naturais, limita os mesmos aos relacionados no apartado f), redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica. PROHIBÍNDOSE, POR CONTRARIO, OS USOS REFERIDOS NO APARTADO M). ISTO É, AS INSTALACIÓN DE XENERACIÓN OU PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Obvio resulta, en consecuencia, a nulidade do proxecto sectorial que se tramita ao infrinxir a normativa indicada, tal e como en caso similar estableceu a Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo na súa recente sentenza de data 7 de xuño de 2010 ao lembrar o seguinte:

"(...)el Proyecto Sectorial que estamos examinando es contrario al complejo normativo descrito - integrado por la norma estatal básica y la regulación autonómica acorde con aquella- pues la transformación urbanística que dicho proyecto sectorial comporta resulta incompatible con la condición de suelo no urbanizable especialmente protegido que corresponde a una parte considerable de los terrenos afectados. Y a ello no cabe oponer la adopción de medidas paliativas o correctoras destinadas a reducir el grado de afectación medioambiental en la ejecución del proyecto, pues, siendo notorio que una plataforma logística-industrial no se corresponde con la finalidad propia de un suelo de especial protección forestal, la invocación de posibles medidas correctoras resulta claramente insuficiente pues lo exigible es que no exista afectación ni menoscabo alguno para el interés , en este caso forestal, merecedor de especial protección.

En fin, el hecho de que la normativa autonómica atribuya a las determinaciones del proyecto sectorial carácter prevalente frente a las del planeamiento urbanístico, debiendo éstas acomodarse a aquéllas, es un dato que, lejos de respaldar la legalidad del proyecto que estamos examinando viene precisamente a corroborar la conclusión contraria. En efecto, ese carácter vinculante determinaría que el planeamiento urbanístico hubiese de acomodarse a las transformaciones urbanísticas contempladas en el proyecto sectorial, lo que exigiría en determinadas áreas la reclasificación del suelo; pero entonces se estaría obligando al planeamiento urbanístico a incorporar una clasificación que sería contraria al carácter reglado del suelo no urbanizable especialmente protegido, lo que supone la vulneración de la normativa estatal básica (artículo 9 de la Ley 6/98, de 13 de abril), cuya interpretación jurisprudencial ya hemos examinado, y también de la normativa autonómica (artículo 5.2 del Decreto 80/2000, de 23 de marzo), que expresamente se remite a dicha normativa estatal.

Por tales razones, el motivo de casación debe ser acogido, con las consecuencias que luego se dirán."

Polo exposto, e resultando que de conformidade coa normativa urbanística antes citada o uso de xeneración ou produción de enerxía eléctrica, que é o previsto, resulta expresamente prohibido polo normativa urbanística de aplicación, o presente proxecto de execución resulta nulo de pleno dereito.

B) Incompatibilidade coas determinación co PXOM de O Porriño en vigor.
De conformidade co contido do artigo 16.2.3.5 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (BOP 21 de outubro de 2003) que establece o réxime do solo rústico de protección de espazos naturais, indícase o seguinte:

“1. Usos permitidos por licenzia municipal: os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra i), do artigo 33 da LOUG.

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma: os vinculados á conservación, utilización e disfrute do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 33 da LOUG.

3. Usos prohibidos: Todos os demais especialmente os residenciais e industriais.

O ámbito de aplicación desta ordenanza correspóndese cos ámbitos delimitados na Orde 28/10/99, DOG 216 do 9/11/99, correspondente ás Gándaras (Budiño), así como ás áreas de especial interese medioambiental, delimitadas nos planos a escala 1:5000, correspondentes ao Monte do Faro e O Penedo, situados ao leste do termo municipal, e a Serra de O Galiñeiro, situada ao oeste.

Nestas áreas recoméndase redactar planes especiais, con carácter de plan de ordenación de recursos naturais, que establezan os usos permitidos e que compatibilice o seu aproveitamento.

NOS ÁMBITOS DELIMITADOS NON SE AUTORIZARÁ NINGÚN TIPO DE CONSTRUCCIÓN, EXCEPTO AS TORRES DE VIXILANCIA E AS GARITAS DE OBSERVACIÓN DE AVES, E AQUELAS OUTRAS NECESARIAS PARA A CONSERVACIÓN E MELLORA DO MEDIO RURAL.

ATA QUE NON SE REDACTE O PLAN DE CONSERVACIÓN ESPECÍFICO NON SE AUTORIZA NINGÚN OUTRO TIPO DE USO, CON EXCEPCIÓN DOS XA EMPLAZADOS NA ACTUALIDADE”.

A maior abastamento inclúese no propio PXOM a ficha do Plan Especial para as ladeiras do Monte Galiñeiro, na que se indica que o ámbito de aplicación do mesmo será todo o ámbito grafiado como SRPEN (solo rústico de protección de espazos naturais) nas ladeiras do Galiñeiro, e que o obxectivo do mesmo é compatibilizar a conservación do espazo natural co seu entorno, recollendo como usos autorizados exclusivamente os vinculados á conservación do medio natural.

En consecuencia, e pese as incompatibilidades legais xa denunciadas que imposibilitan a implantación do uso proxectado, resulta evidente que, entodo caso, e con carácter previo á implantación de calquer uso diferente dos actualmente existentes na Serra do Galiñeiro resulta preceptiva e indispensable a tramitación e aprobación do correspondente PORN, pois este, tal e como se reflicte no artigo 17 da Lei 42/2007, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, ten como obxectivos os seguintes:

“Son obxectivos de los Planes de Ordenación de los Recursos Naturales, sin perjuicio de lo que disponga la normativa autonómica, los siguientes:

- h. Identificar y georeferenciar los espacios y los elementos significativos del Patrimonio Natural de un territorio y, en particular, los incluidos en el Inventario del Patrimonio Natural y la Biodiversidad, los valores que los caracterizan y su integración y relación con el resto del territorio.
- i. Definir y señalar el estado de conservación de los componentes del patrimonio natural, biodiversidad y geodiversidad y de los procesos ecológicos y geológicos en el ámbito territorial de que se trate.



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

- j. Identificar la capacidad e intensidad de uso del patrimonio natural y la biodiversidad y geodiversidad y determinar las alternativas de gestión y las limitaciones que deban establecerse a la vista de su estado de conservación.
- k. Formular los criterios orientadores de las políticas sectoriales y ordenadores de las actividades económicas y sociales, públicas y privadas, para que sean compatibles con las exigencias contenidas en la presente Ley.
- l. Señalar los regímenes de protección que procedan para los diferentes espacios, ecosistemas y recursos naturales presentes en su ámbito territorial de aplicación, al objeto de mantener, mejorar o restaurar los ecosistemas, su funcionalidad y conectividad.
- m. Prever y promover la aplicación de medidas de conservación y restauración de los recursos naturales y los componentes de la biodiversidad y geodiversidad que lo precisen.
- n. Contribuir al establecimiento y la consolidación de redes ecológicas compuestas por espacios de alto valor natural, que permitan los movimientos y la dispersión de las poblaciones de especies de la flora y de la fauna y el mantenimiento de los flujos que garanticen la funcionalidad de los ecosistemas.”
- Asemade tal e como indica o artigo 23 da Lei 42/2007, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade:

“Cuando de las informaciones obtenidas por la Comunidad autónoma se dedujera la existencia de una zona bien conservada, amenazada por un factor de perturbación que potencialmente pudiera alterar tal estado, se establecerá un régimen de protección preventiva consistente en:

- c. la obligación de los titulares de los terrenos de facilitar información y acceso a los agentes de la autoridad y a los representantes de las Comunidades autónomas, con el fin de verificar la existencia de los factores de perturbación.
- d. en el caso de confirmarse la presencia de factores de perturbación en la zona, que amenacen potencialmente su estado:
- a. *Se iniciará de inmediato el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales de la zona, de no estar ya iniciado.*
- b. *Sin perjuicio de la adopción de las medidas previstas en el artículo anterior de esta Ley, se aplicará, en su caso, algún régimen de protección, previo cumplimiento del trámite de audiencia a los interesados, información pública y consulta de las Administraciones afectadas.”*

Exposto o que antecede, resulta evidente que o proxecto do parque eólico Serra do Galifeiro é **TOTALMENTE INCOMPATIBLE** coa protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico en vigor, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves. Asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galifeiro.

TERCEIRA.- Infracción do artigo 104.b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A maior abastamento o artigo 104.b) da propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que “Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.”

Neste senso polo arquitecto municipal emitíuse informe técnico en data 01.12.2011 no que se indica o seguinte:

"Unha vez examinado o documento de inicio do proxecto achegado, emítese o seguinte:

INFORME.

1.- Os aeroxeneradores e a súa infraestrutura accesoria atópanse situados dentro de terreos clasificados como Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais (SRPEN) polo vixente Plan xeral de Ordenación Municipal do Porriño.

2.- O tamaño dos aeroxeneradores, desde a base ata a punta superior do rotor pode chegar a alcanzar os 150 metros, o que resulta equivalente a un edificio de 50 plantas.

3.- Do documento de inicio do proxecto dedúcese o grande impacto no chan e o relevo que vai ter a escavación das cimentacións dos aeroxeneradores polo seu enorme tamaño, e tamén a construción das vías necesarias para o acceso da maquinaria encargada de transportar e instalar as xigantescas pezas, con estritas limitacións de pendentes lonxitudinais e transversais o cal fará obrigado facer importantes modificacións nos perfís das ladeiras.

4.- O conxunto dos aeroxeneradores imponse sobre o característico e peculiar perfil da Serra do Galiñeiro, incidindo sobre formacións de monte pelado granítico de alto valor paisaxístico e visual.

5.- Non parecen suficientes nin realistas as dubidasas xustificacións escritas, e sobre todo gráficas (montaxes fotográficas) incluídas no documento de inicio acerca de medidas correctoras sobre os impactos paisaxísticos e visuais.

Por todo elo, estímase, como conclusión, que o proxecto debería ser sometido a avaliación de impacto ambiental pola súa forte incidencia visual na paisaxe, pola descomunal escala dos aparellos aeroxeneradores, pola súa ubicación en terreos afectados por unha protección de espacios naturais segundo o vixente PXOM do Porriño, pola afección a relevos e formacións xeolóxicas características, propias e identificadoras da zona, polo previsible impacto, no chan e o relevo, das cimentacións a executar e polos grandes movementos de terra para a construción das vías para o acceso da maquinaria.

O estudo de impacto ambiental debería incidir concretamente na diminución de todos e cada un dos antes referidos efectos, incluíndo a alternativa cero ou de non execución do proxecto se existen dúbidas razoables de que se poda conseguir a redución deses efectos a límites aceptables."

Como consecuencia do exposto resulta evidente que as instalacións proxectadas resultan manifestamente incompatibles coa norma de aplicación directa antes citada, pois os aeroxeneradores cuxa instalación se proxecta alcanzan unha altura de 105 metros cun diámetro de rotor de 90 metros, provocando unha limitación do campo visual indiscutible, rompendo a armonía da paisaxe e limitando o campo visual nun espazo natural protexido.

CUARTA.- Infracción da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia.

Segundo o disposto polo artigo 4 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, consideranse que son elementos que teñen que protexerse: o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o solo, el subsolo, o auga, o aire, o clima e a paisaxe, así como a interrelación entre os elementos antes mencionados, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en canto poden ser obxecto de contaminación e deterioro por causas ambientais.

Neste senso o artigo 21 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia, preceptúa que nos instrumentos de planeamento urbanístico de carácter xeral, plan xerais de ordenación urbana e normas subsidiarias haberá de terse en conta a defensa do medio ambiente e dos recursos naturais. A este fin determinaranse regulamentariamente as medidas ou condicións tipo de protección ds natureza e a paisaxe, así como da calidade ambiental, que haberán de incorporarse ao planeamento.



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Como nos recorda a Exposición de Motivos da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera:

“a atmósfera é un ben común indispensable para a vida respecto o cal todas as persoas teñen o dereito de uso e disfrute e a obriga da súa conservación.

Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivarse para a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquer natureza, a calidade do aire e a protección da atmósfera foi, dende décadas, unha prioridade da política ambiental. Así, a medida que os procesos de industrialización e de urbanización de grandes áreas territoriais foron provocando impactos negativos na calidade do aire, fíxose preciso, tanto no plano nacional como rexional e internacional, a articulación dun amplo repertorio de instrumentos legais tendentes a facer compatibles o desenvolvemento económico e social e a preservación deste recurso natural.”

De conformidade co exposto, sendo innegable que para o desenvolvemento da actividade proxectada resulta preceptiva a obtención previa das licenzas municipais de obra e actividade, e acreditándose que o proxecto remitido resulta totalmente incompatible coas determinacións do vixente planeamento urbanístico municipal, carece de xustificación a continuación do presente expediente.

Por todo elo, fórmulase as presentes alegacións coas consideracións que se conteñen, expresando a total incompatibilidade do proxecto do parque eólico da Serra do Galifeiro coas determinacións normativas expostas, comunicándolle que este Concello considera viciado de nulidade o contido do devandito proxecto. “”

QUINTA.- Esta Entidade Local Menor, de conformidade coa Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e a Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes, conta como instrumento de ordenación do seu monte patrimonial denominado “Costa de Oya y Otros”, e incluído no Catálogo de Utilidade Pública co nº 493, cun **Proxecto de Ordenación** preparado por D. Sergio Frade Castro, Técnico da Empresa Pública de Servizos agrarios Galegos S.A. (SEAGA) co visto e prace de D. Enrique Martínez Chamorro, Xefe do Servizo de Montes da Delegación provincial de Pontevedra da Consellería do medio Rural da Xunta de Galicia, e aprobado na sesión da Xunta Veciñal desta entidade o día 25-02-2010, que se vería atacado, prexudicado e anulado polo proxecto para a execución do PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO que establecía actividades e usos distintos os contemplados e planificados no referido Proxecto de Ordenación.

CUARTA.- Como xa quedou dito anteriormente con motivo da consulta sobre decisión de impacto ambiental sobre o parque eólico Serra do Galifeiro efectuada ao concello do Porriño, esta entidade solicitou informe ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Medio Rural de Pontevedra, o cal compartimos e asumimos na súa totalidade, e que tivo o seguinte resultado:

“”0.- ANTECEDENTES.

O Servizo de Montes de Pontevedra ten cofecemento dos planes de instalación do PARQUE EÓLICO TV-20 SERRA DO GALIÑEIRO, polo escrito de solicitude de información que fai a empresa seleccionada pola Xunta de Galicia de acordo co establecido pola Orde de 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia (documento con entrada no rexistro da Delegación Territorial de Pontevedra en 3/6/2011). Con motivo desta solicitude, o Servizo de Montes remite informe sobre o feito á Dirección Xeral de Montes o 27 de xuño de 2011, xuntando copia da solicitude. No informe se incide sobre o impacto sobre os montes veciñais da Serra do Galifeiro, que ocupan unha superficie total de 1.087 ha, e en especial sobre 2 montes de Utilidade Pública (en adiante UP), Morgadáns e Chenlo, que en total suman 1.352 ha, o que supón o 47% da superficie ocupada por este tipo de montes na provincia de Pontevedra. Continúa o informe resaltando a importancia, especialmente en estes 2 montes de UP, onde tódalas actividades están planificadas en cadanseu proxecto de ordenación, non permitindo a

lexislación forestal, tanto estatal como autonómica usos diferentes dos planificados. Por último, explica no informe que o motivo de que estes montes estean catalogados como de UP, obedece ao cumprimento dos principios contemplados no artigo 13 da lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, entre os que se inclúen a función dos montes de **regulación do ciclo hidrolóxico, de control dos procesos erosivos, e de conservación da biodiversidade.**

Á vista do requirimento que se fai dende a ELM de Chenlo ao Servizo de Montes de Pontevedra, solicitando informe a fin de poder facer as alegacións pertinentes ante a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, emíttese este informe. Pero ademais de responder á solicitude da ELM de Chenlo, quérese poñer en coñecemento da Subdirección Xeral de Recursos Forestais sobre o avanzado do trámite e a falla dunha solicitude de informe por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas á Administración Forestal. Neste senso lembrar sobre a necesidade de emitir este informe, que queda recollido na lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, nos seus artigos 38.2 e 39 para o caso de concesións de interese particular, e no seu artigo 40 para o caso de concesións de interese público. Lembrar tamén que no caso de concorrencia de declaracións demaniais será de aplicación o artigo 33 da citada lei, segundo o que se debe determinar cal destas declaracións debe prevalecer. Por último dicir que no artigo 96.1 da citada lei, referente á construción de infraestruturas públicas non forestais, márcase unha directriz que ben podería aplicarse neste caso: **“Os proxectos de construción de infraestruturas alleas á xestión dos montes articularanse de xeito que, sempre que sexa posible, non afecten ou teñan a menor incidencia nos montes, nomeadamente nos montes de utilidade pública, protectores, veciñais en mán común e montes con instrumentos de ordenación e de xestión forestal aprobados pola Administración forestal”.** Neste mesmo artigo, no seu apartado 2, establece o carácter vinculante do informe desta administración no caso de afección a un monte de Utilidade Pública.

1.- DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE SOLICITADA.

Trátase da instalación e posta en funcionamento de 13 aeroxeneradores na Serra do Galiñeiro, coas instalacións acompañantes, que son: pistas de acceso, vieiros a cada aeroxerador, gabias e cableado, subestación e edificio de control. **Nesta análise non se describe o trazado da liña de evacuación.** Cada aeroxenerador ten unha altura de buxa de entre 80-105 m, e un diámetro de aspa de 90 m. **Non se describen as afeccións seguintes: área de protección, área de cautela, dimensións das cimentacións.** Tampouco localiza na planimetría o parque de maquinaria, as zonas de amoreamento de materiais, nin as instalacións provisionais.

No referente aos impactos, no documento relaciónanse os seguintes: **perda de solo e alteración da condición hidrolóxica, modificación da paisaxe e aumento do grao de artificialidade, alteración dos hábitats con desprazamento da poboación faunística.** Non atoparon especies singulares, endémicas ou ameazadas. No referente ao impacto sobre o solo, faise a seguinte afirmación: **“Estas accións producirán un efecto negativo, de intensidade baixa e puntual inmediata, temporal e reversible a corto prazo, recuperable, sen sinerxismo e non acumulativas, un efecto secundario e irregular”.** **Destacar o gratuito desta afirmación sen apoiarse en datos procedentes dalgún tipo de muestreo, inventario ou investigación que os avale.**

En canto ás medidas para a protección do medio ambiente, e que sexan de interese dende o punto de vista forestal, describíense as seguintes:

- Atmosfera: rega do solo en verán.
- Solo
- Fase de construción: selección menos impactante para a localización das instalacións auxiliares, redución movemento de terras, adecuación das pistas ás existentes, estabilización inmediata de zonas vulnerables á erosión, preservado



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

de zonas rochosas de interese ecolóxico ou/e paisaxístico, adecuar as plataformas de cada aerogenerador á topografía, acondicionar e rehabilitar as zonas afectadas, revexetación de solos afectados. **Non se explica como se vai reducir este impacto ao solo, que no caso deste monte podería ser crítico e irreversible.**

- Fase de abandono: retirar aerogeneradores, peches e edificacións, aparatos eléctricos ... **Non se cita a restauración ao estado orixinal dos vieiros, gabias, plataformas, ...**
- Hidrografía: non afectar coa construción das gabias ou dos viais ós cursos hídricos da zona, non modificar a rede hidrolóxica, evitar vertidos ós cursos fluviais, situar as obras, instalacións e parque de maquinaria en zonas de mínimo risco de contaminación. **Non explica como vai evitar modificar a rede hidrolóxica, nin fai un estudo da situación da rede de drenaxe natural.**
- Paisaxe: inclúense medidas cara a reducir o impacto cromático, pero non se buscan as mellores localizacións para reducir o impacto visual e acústico. **Non se fai estudo de exposición visual**, tan só se fai unha simulación gráfica de impacto visual que consiste na realización de 5 fotos que non son representativas dos diferentes puntos de vista da Serra do Galifeiro no entorno inmediato do monte, sen entrar a valorar este impacto dende as principais infraestruturas e localidades do Distrito Forestal Vigo-Baixo Miño.

Non se describen as zonas de maior risco de erosión por pendente, por lonxitude de rampa (factor LS da Universal Soil Loss Equation-USLE-), nin se localiza a rede de drenaxe, nin as zonas de fondo de valgada con vexetación ripícola, nin o estado desta rede de drenaxe en canto á súa vulnerabilidade fronte a erosión de fondo e de marxes, polo que resulta imposible cuantificar o risco de erosión, fundamental para decidir sobre a viabilidade dunha instalación destas características. Neste senso dicir que segundo o Inventario Nacional de Erosión de Solos (INES), estímase que o 95% do monte poder ter unhas perdas de entre 0-5 tn/ha por erosión laminar, podendo oscilar entre 5-100 tn/ha no 5% restante. Na documentación que obra nos procedementos de certificación forestal sostible que segue a xestión deste monte, figura no apartado de erosión potencial, extraído tamén do INES, que existe un 80% da superficie do monte con risco alto de movementos en masa, polo que se recomenda ter en conta este risco á hora de abordar cambios de uso (ficha quinquenal 2009).

2.- OS MONTES DE CHENLO E MORGADÁNS.

Faise mención a estes dous montes coma un todo, aínda que o monte de Morgadáns non se atopa, en principio, afectado. Dada a proximidade das instalacións e as infraestruturas do parque eólico, creuse importante engadir neste punto, esta pequena referencia sobre a importancia do monte de UP Galifeiro, Caldeirón e Outros, que figura no Catálogo Nacional co número 547.

Por ser básico en calquera monte de UP, dicir que tanto o de Chenlo (Costa de Oia, nº493) coma o de Morgadáns (Galifeiro, Caldeirón e Outros, nº547), atópanse ordenados. Estes proxectos de ordenación regulan os usos do monte, non permitíndose outros diferentes dos planificados (art 67.1 Lei 43/2003, de 22 de novembro, de Montes).

Estes montes teñen unha importancia especial por varias razóns:

- **Inclúense entre os 11 de Utilidade Pública que existen na provincia, e supoñen o 47% da superficie total dos mesmos.** Destes once montes de UP, oito pertencen a entidades locais menores ou concellos. É o caso de Chenlo e Morgadáns.
- **Os dous montes de UP atópanse no Sistema de Xestión Forestal Sostible da Xunta de Galicia (SXFU), o que significa que se realiza un seguimento intensivo do cumprimento dos seus instrumentos de xestión e que se cumpre o establecido no "Manual de Boas Prácticas Forestais" editado pola propia Xunta de Galicia.**

- **Alto valor paisaxístico e recreativo**, debido á proximidade de Vigo e do Parque Natural Monte Aloia. É un valor que está en crecemento e que se espera sexa un dos usos prioritarios destes montes en poucos anos. Destacar que a Serra do Galifeiro estivo en varias ocasións coma zona de posible ampliación do Parque Natural Monte Aloia, e que esta serra forma parte da mesma unidade paisaxística, tal e como se menciona tanto no PORN, coma no PRUX do parque natural.
- Todo o terreo no monte de UP Costa de Oia (Chenlo) está incluído en Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN) ou de Protección Forestal (SRPF), no Plan de Ordenación do Concello, de 26 de xuño de 2003. En canto ao monte de UP Galifeiro, Caldeirón e Outros (Morgadáns), tamén se atopan os seus terreos comprendidos dentro da categoría de solo protexido, xa sexa por espazos naturais ou por interese da paisaxe e das masas forestais (Plan Xeral de Ordenación Municipal de 9 de agosto de 1997).

3.- . ESTADO ACTUAL DO MONTE DE UP N°493, COSTA DE OIA. AFECCIÓN SOBRE O MONTE.

O monte Costa de Oia ocupa 599 ha da Serra do Galifeiro, na parte oriental da mesma. Como todos os montes de UP na provincia está incluído no Rexistro de Montes Ordeados; ademais está deslindado e segue os protocolos de Certificación Forestal Sostible. Anualmente se extraen unha media de 1.054 m³ de madeira de piñeiro e eucalipto. Isto supón uns ingresos medios de 38.660 €. A posibilidade do monte que figura no novo proxecto de ordenación (2010-2019) é de 4.986 m³, co que nos próximos anos de aplicación do mesmo, achegarémonos a esta cantidade, o que suporá uns ingresos anuais de 115.000 €. Ademais existen outros ingresos que fan posible a xestión da ELM, tanto no monte coma no resto das materias da súa competencia. Por outra banda, e segundo a documentación que obra nos procedementos de Certificación Forestal Sostible da Xunta de Galicia (SXFSXU), as potencialidades de usos deste monte son: canteira (25.000 €), mel (1875 kg), cogomelos (1.500 kg), gando (30 cabritos), ademais da produción de auga para rego e abastecemento. Tamén se prevé un aumento no uso recreativo; existe a intención da ELM de promover unha rede de sendeiros no monte que teña como centro a área recreativa xa existente, localizada ao lado de campo de fútbol (Chan da Carreira).

○ impacto que lle corresponde a este monte ven dado pola instalación de 4 aeroxeneradores, 1.605 m de gabias e 4.000 m de pistas, ademais das instalacións auxiliares que non están localizadas na documentación entregada a este Servizo pola ELM.

A pendente media do monte é do 25%, o que o fai moi vulnerable á erosión, como xa se comentou máis arriba. Para unha maior precisión na cuantificación deste problema fíxose unha análise do parámetro LS da USLE (Universal Soil Loss Equation), a partir de modelo dixital de elevacións 5x5 m proporcionado polo "Instituto Geográfico Nacional" (IGN), considerando especialmente problemáticas aquelas zonas cun valor para este factor maior que 4 (pendente superior ao 40% para calquera lonxitude de rampa, ou maior ao 25% para unha lonxitude maior a 15 m, por poñer dous exemplos). Desta análise cabe concluír que máis do 50% da superficie afectada ten un factor LS superior a 4 . Se cuantificamos a superficie con pendente superior ao 25 %, sen ter en conta a lonxitude de rampa, vemos que nos cantóns afectados, un 71% supera esta cantidade, cos trazados das pistas e gabias incluídos nestas zonas na súa maior parte (excepto pequenos tramos en cantóns 1, 11 e 12; ver plano que se achega), e os aeroxeradores totalmente en tódolos casos salvo o número 9, que podería afectar parcialmente a esta zona con pendente superior ao 25%. Por último dicir que o 39,5% dos cantóns afectados ten unha pendente superior ao 40%; neste último apartado, xa extremadamente crítico, incluíranse: pista que atravesa cantóns 11 e 12, parte da gabia que vai por cantón 12, aeroxenerador 6, parte da pista que va entre cantóns 20 e 21, parte da gabia do cantón 20 e o aeroxenerador 8.



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TEL.F.: 608 88 62 22

A densidade de vías neste monte é de 80,72 m/ha, xa excesiva nun monte tan abrupto; o impacto na zona afectada (superficie suma dos cantóns: 157,62 ha), é de 25,38 m/ha no que se refire a pistas, e de 10,18 m/ha en canto ás gabias, sumando entre as dúas afeccións 35,56 m/ha, cerca dun 50% da densidade da rede actual de infraestruturas do monte. Aínda que parte das pistas que se van utilizar forman xa parte da rede de pistas (aproximadamente 1.000 m da rede primaria e 1500 m da rede secundaria), o impacto das obras será grande dada a necesidade de realizar novos trazados que se axusten ás pendentes e radios de xiro necesarios para o transporte dos aeroxeradores.

En relación á rede de drenaxe o número de interseccións entre a infraestrutura deseñada e esta é de 16, tendo en conta unha rede con umbral de escorrenta de 5 ha, e considerando aquelas con orde de Strahler maior ou igual a 2. O risco de concentración de escorrenta pola alteración da rede de drenaxe é grande. Tamén resulta de interese resaltar a posibilidade de afectar nacentes de auga, dado que se trata dunha zona onde abundan as cabeceiras dos diferentes regatos da vertente Leste da Serra do Galíñeiro.

As obras de adaptación da rede de infraestruturas actual ás novas necesidades, máis a construción de novos accesos, a instalación das gabias e da preparación das plataformas para os aeroxeradores, incidirá sobre a rede de drenaxe e sobre a estabilidade dos solos fronte a erosión, xerando unha zona alterada (desmontes e terrapléns) que provocará emisión de sedimentos, e concentración da escorrenta, o que podería supor perdas de chan difíciles de cuantificar. Se ao anterior se lle engade o forte risco de erosión existente (pendente, factor LS, solos pouco evolucionados), pódese asegurar que se producirá un forte incremento da erosión tra-las obras de instalación do parque eólico. Esta erosión xerará un caudal sólido que se ten que evacuar por unha rede de drenaxe da que se descoñece o seu estado e as súas capacidades.

Na seguinte táboa preséntanse os cantóns (unidade de inventariación e ordenación na planificación do monte) afectados polo parque eólico, cos datos de pendente media, orientación, e as accións polas que se verá afectado. Tamén se identifica a vexetación actual, o risco de erosión e o grao de afección á rede de drenaxe, e se valora o impacto sobre a paisaxe en función do estado de conservación da zona e a visibilidade da obra pola súa localización e altitude.

Cantón	Pte %	Orient	AFECCIÓNS	Risco erosión	Rede drenax.	Vexetación	Idade/ FCC	Paisaxe
1	47	S	pista	medio	moi alto	piñeiro	9-24 /70	medio
3	22	S	pista	medio	alto	piñeiro	14/90	medio
11	27	S	pista,aeroxer(9), gabia	moi alto	moi alto	piñeiro(a-9)	14-25 /80	moi alto
12	33	E	pista,aerox(6),gabia caseta(incendios)	moi alto	moi alto	matogueira, piñeiro	18-36 /50	moi alto
13	22	E	pista	medio	alto	piñeiro	36 /100	baixo
17	22	SE	pista	medio	alto	piñeiro	21/65	baixo
20	27	E	pista,aeroxer(7), gabia	alto	medio	matogueira, piñeiro	19/50	alto
21	32	E	gabia,pista	alto	alto	eucalipto	16/50	baixo
23	37	E	pista,aeroxer(8), gabia,área recreat.	alto	baixo	piñeiro (a-8)	14/90	moi alto

En cantó ao grao de redución da capacidade produtiva, resulta difícil cuantificala, porque na documentación consultada non figuran as afeccións exactas das diferentes obras: plataformas, apertura da caixa para as pistas, ..., nin as servidumes de voo dos aeroxeradores. No entanto, dicir que se atopan en produción de madeira de piñeiro tódolos cantóns afectados menos o 21, que se adica á produción de madeira de eucalipto. No caso dos cantóns de piñeiro estímase unha capacidade produtiva actual de 10 m³/ha.ano, sendo de 25 m³/ha.ano, no caso do eucalipto (estimacións feitas a partir dos datos do proxecto de ordenación).

Advertir da presenza de xacementos arqueolóxicos nos cantóns 1 e 3, nas proximidades da pista que une o aeroxerador 2 co 4.

Segundo o proxecto de ordenación do monte existen varios nacentes que se poderían ver afectados polos trazados das pistas ou/e plataformas dos aeroxeneradores nos cantóns: 11, 20 e 21.

Por último, avisar da localización do aeroxenerador nº 6 a uns 60 m da caseta de vixilancia do Galíñeiro, pertencente ao sistema de vixilancia e detección de incendios forestais da Xunta de Galicia. Este aeroxenerador podería entorpecer as labores realizadas dende a mesma.

Á vista da táboa anterior, pódese concluir que o impacto máis grave se produce nos cantóns 11 e 12, sendo tamén elevado no resto do monte no referente a alteración da rede de drenaxe e risco elevado de erosión. En canto á alteración e transformación do solo estímase unha superficie total alterada de entre 6-10 ha, das que boa parte están hoxe ocupadas por plantacións de piñeiro en produción. Non se pode cuantificar a afección en canto ao cambio de actividade que obrigaría a instalación do parque no referente a zonas que hoxe son arboradas e que terán que deixar de selo pola áreas de protección entorno aos aeroxeneradores. Non se puido contemplar a afección da liña de evacuación porque non se incluíu no documento de inicio.

4.-CONCLUSIÓNS. PROPOSTA DO INFORME

Non se considera viable a instalación proposta no monte de UP nº493, Costa de Oia, pertencente á ELM de Chenlo polas seguintes razóns:

- 1.- Importancia dos montes de UP. A natureza destes montes aconsella evitar accións que poidan **deturpalos**, pois se manteñen no catálogo polas súas funcións de **regulación do ciclo hidrolóxico, de control dos procesos erosivos, e de conservación da biodiversidade**. Isto, unido á oposición manifesta da entidade titular do monte, considéranse razóns dabondo para non recomendar a instalación dun parque eólico neste monte. A maior abundamento, estes montes están perfectamente deslindados e sinalados, atópanse ordenados e son modélicos en canto á súa xestión, polo que interesa mantelos libres de calquera alteración fora da súa planificación. Son montes que, grazas a estaren perfectamente ordenados, están en harmonía coa poboación local, contribuíndo tamén dende o punto de vista paisaxístico e recreativo ao esparexemento das cidades do entorno, coma Porriño, Gondomar, Vigo e Pontevedra.
- 2.- **Non se presenta o trazado da liña de evacuación**, polo que non se pode cuantificar nin a afección nin o impacto da mesma.
- 3.- Non se localizan, nin polo tanto se cuantifican os seus impactos, o **parque de maquinaria, as zonas de amoreamento de materiais nin as instalacións provisionais**. Tampouco se establecen as áreas de protección nin de cautela do entorno dos aeroxeneradores.
- 4.- Nun primeiro estudio feito cos datos do proxecto de ordenación e mais cos datos topográficos extraídos do modelo dixital de elevacións 5x5 m do IGN, ademais da información extraída do INES, conclúese que **é esperable un gran impacto sobre os solos do monte "Costa de Oia", con fenómenos erosivos importantes que non están cuantificados no documento de inicio**. O anterior unido a unha rede de drenaxe que se verá alterada, e que non foi estudada en canto ao seu grao de estabilidade, recomendan non autorizar unha instalación como a que se pretende. Lembrar que os caudais líquidos e sólidos procedentes dos fenómenos erosivos terán que ser trasladados por unha rede de drenaxe que podería non ser suficiente, co conseguinte risco para as infraestruturas e as poboacións que se localizan augas abaixo, na aba oriental da Serra do Galíñeiro. **Por todo o anterior, infórmase negativamente sobre a instalación de 4 aeroxeneradores, viais e instalacións accesorias necesarias, no monte de UP nº 493, Costa de Oia. No entanto, de querer continuar co proxecto de instalación deste parque eólico:**
- 5.- **Recoméndase a realización do trámite de avaliación de impacto ambiental, dados os riscos de erosión detectados.**
- 6.- **Lémbrase a necesidade de realizar trámite de prevalencia, segundo o establecido no artigo 33 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, pola concurrencia de 2 declaracións demaniais, tal e como tamén establece o artigo 45 (concurrency de utilidades públicas, trámite de compatibilidade e declaración de prevalencia) da Lei 8/2009, de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en plena coincidencia coa lexislación forestal anteriormente mencionada.**"



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

SEXTA.- A Entidade Local Menor de Chenlo, do municipio do Porriño, provincia de Pontevedra é unha Entidade de ámbito inferior á municipio das reguladas na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e polo tanto un administración pública das comprendidas no artigo 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.(LRXPAC).

Sendo competencia das Entidades Locais Menores a administración, conservación e defensa do seu patrimonio, é a esta á que corresponde o exercicio das accións que sexan procedentes, xa sexan administrativas ou xudiciais de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e para isto necesita como condición "sine qua non" estar informada e notificada de forma directa e persoal para poder defender os seus dereitos e intereses e os dos veciños que representa.

Conforme establece a LRXPAC as Administracións públicas, nas súas relacións, se rexen polos principios de cooperación, colaboración, e coordinación, entre outros, e a Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, órgano da Administración autonómica, non cumpriu con estes principios, toda vez que sendo cofecedora, como non pode ser doutra forma da natureza xurídica e cualidade de administración pública da Entidade Local Menor de Chenlo, así como da condición tuteladora e xestora dos montes de Utilidade Pública (UP) que ten a Consellería do Medio Rural e do Mar, non se preocupou de notificarlles directa e persoalmente e darlles traslado de tódalas actuacións que se realizaron e se están levando a cabo sobre os procedementos relativos ao PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO e concretamente aos trámites necesarios para a avaliación e declaración do impacto ambiental ao que está obrigado someterse tal proxecto, obviándose incluso o obrigatorio e esencial trámite de consulta esixido no artigo 5.1.d. e 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Evaluación de Impacto ambiental, desenvolvéndose así unha actuación da relevancia e alcance medio ambiental da que se trata sen acadar os obxectivos que establecen as leis e o resto do noso ordenamento xurídico.

SÉTIMA.- A Entidade Local Menor de Chenlo é a titular do monte denominado "Costa de Oya y Otros" incluído no Catálogo de Utilidade Pública co nº 493, (onde se pretende executar o referido proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO que polo só feito de ser de utilidade pública se converte nun ben de dominio público ou demanial segundo a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia (artigos 14 e 15) e a Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes (artigo 12) coas conseguíntes coberturas, protección, natureza xurídica, etc. establecidos na devanditas Leis de Montes e no Regulamento de Montes aprobado por Decreto 485/1962, de 22 de febreiro vixente en tanto non se opoña ó recollido naquelas.

OITAVA.- Ó ser un monte de utilidade pública coa clasificación de ben de dominio público ou demanial está tutelado pola Xunta de Galicia que é a Administración Xestora do citado Monte de utilidade pública e como tal antes de resolverse sobre a avaliación de impacto ambiental deberá darse intervención e ser oída dicha administración tuteladora e xestora do monte de utilidade pública e ter o informe de compatibilidade coa preexistencia dos valores naturais que determina o art. 15.4 Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes, que establece:

"La Administración gestora de los montes demaniales someterá a otorgamiento de concesión todas aquellas actividades que impliquen una utilización privativa del dominio público forestal. En los montes catalogados, esta concesión requerirá el informe favorable de compatibilidad con la persistencia de los valores naturales del monte por parte del órgano forestal de la comunidad autónoma."

Isto quere dicir que aínda pasando o meritado proxecto os trámites oportunos, para poder concederse a declaración de impacto ambiental a potencial execución de tal proxecto que levaría consigo actos

de ocupación e uso do solo e obras e actividade suxeitas a licenza municipal, amén doutras autorizacións administrativas concorrentes, cuxo control lle corresponde ao concello do Porriño e á Consellería do Medio Rural (administración tuteladora e xestora do monte) e a propia titular do monte (Entidade Local Menor de Chenlo) que terían que pronunciarse negativamente ante un proxecto nulo de pleno dereito por todo o xa exposto e por ser totalmente incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico do concello do Porriño, facendo inútiles e ineficaces e carentes de toda lóxica xurídica a prosecución dos trámites iniciados.

NOVENA.- Tal e como quedou dito e segundo establecen o artigos 5.1.d. e 17.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Evaluación de Impacto Ambiental, "*La evaluación de impacto ambiental de proyectos comprenderá las siguientes actuaciones: d. Evacuación del trámite de información pública y de consulta a las Administraciones públicas afectadas y a las personas interesadas, por el órgano sustantivo*"; "*previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16*". Neste caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Secretaría Xeral se houbera remitido consulta algunha nina esta Entidade Local Menor de Chenlo, nin á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, polo que se advirte a esa Xefatura da privación de tan relevante trámite ás citada administracións públicas que resultan gravemente afectadas pola realización do proxecto de referencia.

DÉCIMA.- A actividade como a que é obxecto do proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO está suxeita:

-Á licenza urbanística, de acordo co art. 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e o art. 10 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia, e o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana aprobada por Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, por levar aparelado movementos de terra.

A competencia para outorgar as devanditas licenza corresponde ao Concello.

Por conseguinte se se concede a autorización administrativa pretendida sabendo que a actividade ou uso comprendido no obxecto do proxecto esta prohibido pola súa total incompatibilidade cos espazos coa protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico do concello do Porriño en vigor, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves; e asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galifeiro, como xa se deixou dito, estaríase creando unha expectativa de dereito non realizable brindando aos promotores do parque eólico a posibilidade de entablar a pertinente reclamación patrimonial contra as autoridades e funcionarios que posibilitaron tal expectativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Lembrar que:

-A Entidade Local Menor de Chenlo e a Consellería do Medio Rural e do Mar, son lexítimas interesadas nos procedementos relativos ao devandito proxecto sobre parque Eólico Serra do Galifeiro e á declaración de avaliación do impacto ambiental, e non se lles está tomando en consideración creándolles unha substancial indefensión, que de continuar provocaría nulidade de todo o actuado.

-A necesidade, como requisito sine qua non, da autorización do titular dos terreos afectados tal como prescribe o artigo 173 do Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, do Regulamento de Montes, que di:

"El consentimiento de la Entidad titular es necesario para autorizar ocupaciones o servidumbres en los montes.



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Cuando el dueño se opusiere, el Servicio Forestal correspondiente, sin más trámites, dará por concluido el expediente, comunicando a los interesados no haber lugar a lo solicitado."

-A Administración pública -tódalas Administraciones públicas- están sometidas ao Ordenamento xurídico. O artigo 9º, 1, da Constitución establece que "los ciudadanos y los Poderes públicos estan sujetos a la Constitución y al resto del Ordenamiento jurídico" . e o artigo 103.1 -reiterando no artigo 3.1 LRXPA- que "la Administración pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa... con sometimiento pleno a la ley y al Derecho".

Consecuencia deste elemental principio é -como di o artigo 53.2 LRXPA-, que "el contenido de los actos se ajustará a lo dispuesto en el Ordenamiento jurídico y será adecuado a los fines de aquéllos".

A conformidade ao Ordenamento xurídico constitúe, por tanto, un requisito do acto administrativo. Os actos que incorran en calquera infracción do Ordenamento xurídico, serán inválidos; e como no presenta caso se está a incorrer nas infraccións do Ordenamento xurídico, xa sinaladas no corpo deste escrito de alegacións, irremediamente se dá a invalidez dos actos causantes das mesmas.

DÉCIMO SEGUNDA.- De continuarse co expediente e aprobarse o proxecto DO PARQUE EÓLICO SERRA DO GALIÑEIRO, que é nulo de pleno dereito, se vulneraría a seguinte normativa así como a demais concorrente e de xeral aplicación:

-Artigo 45 da Constitución española de 1978.

-Artigo 4 e 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

-Artigos 1, 2, 4, 17 e 23 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

-Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.

-Artigos 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 16 e 17 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental, modificado por Lei 6/2010, de 24 de marzo.

-Artigo 31 e 37, 45 e DT 2º da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

-Artigos 14, 15, 38.2, 39, 67.1 e 96 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

-Artigo 12 e 18.4 da Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes.

-Regulamento de Montes aprobado por Decreto 485/1962, de 22 de febreiro.

-Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

-Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

-Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo.

-Artigo 13 do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, por el que se aproba el Texto Refundido de la Lei do Solo.

Artigos 31, 32, 33 a 39 e 104.b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

-O Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello do Porriño -PXOM-, en vigor, que foi aprobado polo seu Pleno Corporativo con data 26-06-2003 e publicado o seu texto normativo e ordenanzas no BOP, nº 203 de 21-10-03 e un anuncio relativo a aprobación no DOG Nº 204 de 21-10-2003).

-Sentencia do Tribunal Supremo de data 07-06-2012, Sección 5ª, Sala do Contencioso-Administrativo.

Polo exposto, e tendo en conta sempre que debe primar a utilidade pública o interese público xeral e social sobre o interese particular do empresario promotor do repetido proxecto, esta Alcaldía Pedanía en defensa dos dereitos e intereses da propia Entidade Local Menor e dos veciños da parroquia de Chenlo que representa, así como tamén en defensa do patrimonio natural, da biodiversidade e geodiversidade, da beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, da saúde, do benestar das persoas, dos espazos naturais protexidos, da fauna e flora e das especies ameazadas, a esa Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia,

SOLICITA

Que DECLARE NULO DE PLENO DEREITO tanto o proxecto de Parque Eólico Serra do Galifeiro como as actuacións practicadas na súa tramitación, por ter vicios esenciais que os invalidan e por haberse conculcado os principios, preceptos, normativa e sentenza citados e demais concordantes e de xeral aplicación, procedéndose ó arquivo de todo o actuado sen máis trámite; e, para o caso de non se atendida esta petición principal, subsidiariamente se declare que o devandito proxecto do Parque Eólico Serra do Galifeiro non é ambientalmente viable.””

Seguidamente a Xunta Veciñal por unanimidade **ACORDA:**

Ratificar os escritos de alegacións formulados polo Alcalde Pedáneo anteriormente trnascritos.

4. RATIFICACIÓN DAS ACTUACIÓN REALIZADAS RESPECTO AO PERMISO DE INVESTIGACIÓN “GALIÑEIRO” Nº 3128

A Presidencia explica que na defensa dos dereitos desta Entidade, dos veciños da parroquia de Chenlo e do interese público xeral nos estamos opoñendo e nos opoñeremos ata onde faga falta para que o permiso de investigación e proxecto **GALIÑEIRO” Nº 3128** no vaia adiante, que consideramos nulo de pleno dereito, porque incumpre co Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello do Porriño, co Plan Técnico de Ordenación do Monte de utilidade pública desta Entidade e coa normativa vixente, e por todo isto ata o momento se fixeron as alegacións seguintes:

-Escrito do Alcalde Pedáneo de data **15-10-2012 (R.S. nº 29)** dirixido á Delegación territorial de Pontevedra, Xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, que literalmente di:



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

“**ASUNTO:** Expediente sobre permiso de investigación Galiñeiro 3128, nos concellos do Porriño e Mos, por parte da sociedade Consulting de Geología y Minería, S.L. (CGM). DOG nº 177, do luns, 17 de setembro de 2012.

En relación co asunto epigrafiado, formulase por medio do presente rotunda OPOSICIÓN ao permiso de investigación Galiñeiro 3128, nos concellos do Porriño e Mos, por parte da sociedade Consulting de Geología y Minería, S.L. (CGM). senón tamén a resolución do 28 de xuño de 2012 da Xefatura territorial da consellería de Economía e Facenda e Industria de Pontevedra publicada no DOG nº 177 de 17-09-2012 pola que se somete a información pública a presentación do devandito permiso.

ANTECEDENTES

Primeiro. O día 01-02-2010, mediante oficio desta Alcaldía Pedanía R.S. nº 21/04-10-2012 dirixido ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería do Medio Rural da Xunta de se lle participou o seguinte:

“*Visto o anuncio da Consellería de Economía e Industria inserido na páx. 36314 do DOG nº 177, do luns, 17 de setembro de 2012, polo que se publica a Resolución “RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2012, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a presentación do permiso de investigación Galiñeiro 3128, nos concellos do Porriño e Mos, por parte da sociedade Consulting de Geología y Minería, S.L. (CGM)”, lle significo o seguinte:*

1º) Que esta entidade non ten notificación ni comunicación algunha por parte do organismo competente da Consellería de Economía e Industria respecto ó expediente relativo a solicitude do devandito permiso de investigación Galiñeiro 3128, nos concellos do Porriño e Mos, por parte da sociedade Consulting de Geología y Minería, S.L. (CGM), e de seguir adiante a tramitación do devandito expediente sen que se lle sexa dada a esta Entidade Local Menor, como afectada directa, a intervención pertinente mediante os oportunos tramites establecidos na normativa sectorial correspondente, na lei do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables (notificacións de tódolos actos administrativos, audiencia, trámite de alegacións etc.), estarase a producir unha indefensión total que é motivo suficiente para declarar a nulidade radical de calquera actuación realizada polo órgano da Consellería de Economía e Industria que teña atribuídas as competencias para a tramitación e resolución do referido expediente.

2º) A maior abastamento:

a) O monte patrimonial desta Entidade denominado “Costa de Oya y Otros”, catalogado de utilidade pública co nº 493, está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello do Porriño (Pontevedra) como solo rústico de protección de espazos naturais, polo tanto séndolle de aplicación a vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, que no seu art. 40.3 determina como usos prohibidos todos os demais especialmente os usos residenciais e industriais; prohibición que alcanzaría ó proxecto do expediente en cuestión.

b) Lémbrese a necesidade, como requisito sine qua non, da autorización do titular dos terreos afectados tal como prescribe o artigo 173 do Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, do Regulamento de Montes, que di:

“El consentimiento de la Entidad titular es necesario para autorizar ocupaciones o servidumbres en los montes.

Cuando el dueño se opusiere, el Servicio Forestal correspondiente, sin más trámites, dará por concluido el expediente, comunicando a los interesados no haber lugar a lo solicitado.”

Por todo o exposto esta Alcaldía-Pedanía manifesta a súa oposición ó repetido expediente ó que non foi chamado ni oída esta Entidade e que como se está tramitando con total indefensión da mesma é nulo de pleno dereito.”

Segundo. Enterados de que o día 4 de xullo de 2012 tivera entrada no Rexistro Xeral do Concello do Porriño, co nº 6404, escrito datado o 27-07-2012, do Xefe do servizo de administración industrial

enerxía e minas da Delegación Territorial de Pontevedra da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia relativo no que se solicita a emisión de informe municipal preceptivo da solicitude do permiso de investigación de recursos da sección C) "GALIÑEIRO" Nº 3128.

Terceiro. A Xunta Veciñal desta Entidade Local Menor na súa sesión do día 25-02-2010 acordou aprobar o Proxecto de Ordenación do Monte desta Entidade "Costa de Oya y Otros" incluído no Catálogo de Utilidade Pública co nº 493, preparado por D. Sergio Frade Castro, Técnico da Empresa Pública de Servizos agrarios Galegos S.A. (SEAGA) co visto e prace de D. Enrique Martínez Chamorro, Xefe do Servizo de Montes da Delegación provincial de Pontevedra da Consellería do medio Rural da Xunta de Galicia.

Cuarto. -Damos por reproducido e nos reiteramos no escrito desta Alcaldía Pedanía R.S. nº 21/04-10-2010 dirixido ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería do Medio Rural da Xunta transcrito no antecedente 1º deste escrito, no que xa quedou reflectido que se colocou a esta entidade Local Menor, como lexítima interesada no axunto de referencia nunha absoluta indefensión pois xe está a tramitar e a ditar resolucións no expediente de permiso de investigación "GALIÑEIRO" Nº 3128 omitíndose o preceptivo trámite de audiencia e os principios de dereito e preceptos que a continuación se dirán.

Quinto. -Esta Alcaldía Pedanía, en representación Entidade Local Menor de Chenlo, asume integramente facendo súas as alegacións formuladas no escrito do Sr. Alcalde do concello do Porriño de data 02-10-2012 (R.S. 5401/2012) dado en contestación ó devandito escrito do Xefe do servizo de administración industrial enerxía e minas da Delegación Territorial de Pontevedra da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, que de seguido se transcriben:

"Visto o oficio de data 27 de xuño de 2012 (RE 6404, 04-07-2012) remitido por esa Xefatura Territorial polo que se remite a esta administración copia en soporte CD do proxecto de permiso de investigación denominado "GALIÑEIRO" nº 3128, localizado nos termos municipais de O Porriño e Mos.

Formulándose por esa Xefatura Territorial consulta a esta administración municipal para que informe sobre as cuestións de competencia municipal, formulanse as seguintes ALEGACIONES:

1º) Debe indicarse, en primeiro lugar, que tal e como establece o artigo 21.1 da Lei 3/2008, de 23 de maio, da Minería de Galicia, "simultaneamente, o órgano mineiro competente remitiralles copia do expediente ás demais administracións públicas para que se poidan pronunciar sobre as diferentes materias da súa competencia". En este caso por esta administración municipal non se ten coñecemento de que por esa Xefatura Territorial se remitise consulta algunha á Entidade Local Menor de Chenlo, polo que se advirte a esa organismo a necesidade de formular a mesma á citada entidade, pois a Entidade Local resulta gravemente afectada pola realización do proxecto de referencia.

2º) Entrando xa na análise do proxecto remitido debe inidicarse a esa Xefatura Territorial que o permiso de investigación "Galiñeiro" causa uns graves impactos ambientais que non resultan xustificadas.

*Debe indicarse que o ámbito no que se proxecta o permiso de investigación "Galiñeiro" resulta totalmente incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico municipal do Concello de O Porriño. Neste sentido **A TOTALIDADE DA SUPERFICIE AFECTADA ENCÓNTRASE CLASIFICADA POLO VIXENTE PXOM COMO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.***



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

En canto á utilización do solo en situación de solo rural, o artigo 13 do Texto Refundido da Lei Estal do Solo (TRLS/08), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, establece que estos terreos utilizaranse de conformidade coa súa natureza, debiéndose dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquer outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais. Polo tanto, o uso normal que integra o dereito de propiedade do solo rústico consiste na explotación do medio rural, en calquera das súas formas, cos límites que impón a Constitución Española en canto á utilización racional dos recursos naturais e os que establezan as leis e a ordenación territorial e urbanística.

Por outro lado, o TRLS/08 determina que, con carácter excepcional e polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse outros actos e usos específicos que sexan de interese público ou social pola súa contribución á ordenación e o desenrolo rural ou porque haxan de emprazarse no medio rural. Asemade, debe terse en conta que a utilización do solo rústico con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable queda sempre sometida e suxeita á preservación de ditos valores, e comprende únicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

En liña co TRLS/08, o artigo 31 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que o dereito de propiedade en solo rústico comprende o dereito a usar, disfrutar e dispor de eles de conformidade coa natureza e destino rústico dos mesmos e o disposto na súa lexislación sectorial. Destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que, de se-lo caso e por este orde, establezan a lexislación sectorial de aplicación, a presente Lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio.

Mais concretamente, e en relación co solo rústico de especial protección de espazos naturais, define o artigo 32.2.f) da LOUGA como o solo constituido polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001 de Protección da Natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente, terán dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico estimen necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.

Pois ben, neste senso e de conformidade co contido do artigo 16.2.3.5 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (BOP 21 de outubro de 2003) que establece o réxime do solo rústico de protección de espazos naturais, indícase o seguinte:

- “1. Usos permitidos por licenza municipal: os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra i), do artigo 33 da LOUG.*
- 2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma: os vinculados á conservación, utilización e disfrute do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 33 da LOUG.*
- 3. Usos prohibidos: Todos os demais especialmente os residenciais e industriais.*

O ámbito de aplicación desta ordenanza correspóndese cos ámbitos delimitados na Orde 28/10/99, DOG 216 do 9/11/99, correspondente ás Gándaras (Budiño), así como ás áreas de especial interese medioambiental, delimitadas nos planos a escala 1:5000, correspondentes ao Monte do Faro e O Penedo, situados ao leste do termo municipal, e a Serra de O Galiñeiro, situada ao oeste.

Nestas áreas recoméndase redactar planes especiais, con carácter de plan de ordenación de recursos naturais, que establezan os usos permitidos e que compatibilice o seu aproveitamento.

NOS ÁMBITOS DELIMITADOS NON SE AUTORIZARÁ NINGÚN TIPO DE CONSTRUCCIÓN, EXCEPTO AS TORRES DE VIXILANCIA E AS GARITAS DE OBSERVACIÓN DE AVES, E AQUELAS OUTRAS NECESARIAS PARA A CONSERVACIÓN E MELLORA DO MEDIO RURAL.

ATA QUE NON SE REDACTE O PLAN DE CONSERVACIÓN ESPECÍFICO NON SE AUTORIZA NINGÚN OUTRO TIPO DE USO, CON EXCEPCIÓN DOS XA EMPLAZADOS NA ACTUALIDADE".

A maior abastamento inclúese no propio PXOM a ficha do Plan Especial para as ladeiras do Monte Galiñeiro, na que se indica que o ámbito de aplicación do mesmo será todo o ámbito grafiado como SRPEN (solo rústico de protección de espazos naturais) nas ladeiras do Galiñeiro, e que o obxectivo do mesmo é compatibilizar a conservación do espazo natural co seu entoeno, recollendo como usos autorizados exclusivamente os vinculados á conservación do medio natural.

Exposto o que antecede, resulta evidente que o permiso de investigación de recursos mineiros "Galiñeiro" é **TOTALMENTE INCOMPATIBLE** coa protección dos espazos naturais protexidos polo planeamento urbanístico en vigor, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves. Asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galiñeiro.

3º) A maior abastamento o artigo 104.b) da propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que "Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a ubicación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación de outros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a armonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto."

4º) Segundo o disposto polo artigo 4 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, consideranse que son elementos que teñen que protexerse: o medio natural constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o solo, el subsolo, o auga, o aire, o clima e a paisaxe, así como a interrelación entre os elementos antes mencionados, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en canto poden ser obxecto de contaminación e deterioro por causas ambientais.

Neste senso o artigo 21 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia, preceptúa que nos instrumentos de planeamento urbanístico de carácter xeral, plan xerais de ordenación urbana e normas subsidiarias haberá



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

de terse en conta a defensa do medio ambiente e dos recursos naturais. A este fin determinaranse regulamentariamente as medidas ou condicións tipo de protección ds natureza e a paisaxe, así como da calidade ambiental, que haberán de incorporarse ao planeamento.

Como nos recorda a Exposición de Motivos da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera:

"a atmósfera é un ben común indispensable para a vida respecto o cal todas as persoas teñen o dereito de uso e disfrute e a obriga da súa conservación.

Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivarse para a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquer natureza, a calidade do aire e a protección da atmósfera foi, dende décadas, unha prioridade da política ambiental. Así, a medida que os procesos de industrialización e de urbanización de grandes áreas territoriais foron provocando impactos negativos na calidade do aire, fíxose preciso, tanto no plano nacional como rexional e internacional, a articulación dun amplo repertorio de instrumentos legais tendentes a hacer compatibles o desenvolvemento económico e social e a preservación deste recurso natural."

De conformidade co exposto, sendo innegable que para o desenvolvemento da actividade proxectada resulta preceptiva a obtención previa das licenzas municipais de obra e actividade, e acreditándose que o proxecto remitido resulta totalmente incompatible coas determinacións do vixente planeamento urbanístico municipal, carece de xustificación a continuación do presente expediente.

Por todo elo, fórmase as presentes alegacións coas consideracións que nel se conteñen, expresando a total incompatibilidade do proxecto mineiro "Galiñeiro" coas determinacións normativas expostas, comunicándolle que este Concello considera totalmente inapropiado o contido do devandito proxecto."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1ª) A Entidade Local Menor de Chenlo, do municipio do Porriño, provincia de Pontevedra é unha Entidade de ámbito inferior á municipio das reguladas na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e polo tanto un administración pública das comprendidas no artigo 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.(LRXPAC).

Sendo competencia das Entidades Locais Menores a administración, conservación e defensa do seu patrimonio, é a esta á que corresponde o exercicio das accións que sexan procedentes, xa sexan administrativas ou xudiciais de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e para isto necesita como condición "sine qua non" estar informada e notificada de forma directa e persoal para poder prepara a súa defensa.

Conforme establece a LRXPAC as Administracións públicas, nas súas relacións, se rexen polos principios de cooperación, colaboración, e coordinación, entre outros, e nin o Concello do Porriño nin a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas órgano da Administración autonómica cumpriron con estes principios, toda vez que sendo coñecedoras, como non pode ser doutra forma da natureza xurídica e cualidade de administración pública da Entidade Local Menor de Chenlo referidas, non se preocuparon de notificarlle directa e persoalmente e darlle traslado de tódalas actuacións que realizaron e están levando a cabo sobre os procedementos relativos ao permiso de investigación LADEIRA Nº 2912, e ó expediente sobre o Proxecto de explotación, estudio de impacto ambiental e Plan de restauración do proxecto de pase a concesión derivada do permiso de

investigación LADEIRA Nº 2912, obviándose incluso o obrigatorio e esencial trámite de audiencia esixido no artigo 25 da Lei 3/2008, de 23 de maio de ordenación da Minería de Galicia e no art. 84 LRXPAC e conformándose unicamente con cumprir co trámite de carácter xeral de exposición pública previsto no artigo 21 da Lei sectorial 3/2008, de 23 de maio, de Ordenación de la Minería de Galicia, desenvolvéndose así unha actuación da relevancia e alcance medio ambiental da que se trata sen acadar os obxectivos que establecen as leis e o resto do noso ordenamento xurídico.

2ª) A Entidade Local Menor de Chenlo é a titular do monte denominado "Costa de Oya y Otros" incluído no Catálogo de Utilidade Pública co nº 493, (onde se pretende instaurar a explotación mineira LADEIRA Nº 2912 se e que prospera o expediente de referencia: Proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e Plan de restauración do proxecto de pase a concesión derivada do permiso de investigación LADEIRA Nº 2912 solicitado por David Fernández Grande Investroc, S.L) que polo só feito de ser de utilidade pública se converte nun ben de dominio público ou demanial segundo a Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes (artigo 12) coas conseguíntes coberturas, protección, natureza xurídica, etc. establecidos na devandita Lei de Montes e no Regulamento de Montes aprobado por Decreto 485/1962, de 22 de febreiro vixente en tanto non se opoña ó recollido naquela.

3ª) Ó ser un monte de utilidade pública coa clasificación de ben de dominio público ou demanial está tutelado pola Xunta de Galicia que é a Administración Xestora do Monte e como tal antes de resolverse sobre a autorización ou outorgamento da concesión mineira deberá ter o informe de compatibilidade coa preexistencia dos valores naturais que determina o art. 15.4 Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes, que establece:

"La Administración gestora de los montes demaniales someterá a otorgamiento de concesión todas aquellas actividades que impliquen una utilización privativa del dominio público forestal. En los montes catalogados, esta concesión requerirá el informe favorable de compatibilidad con la persistencia de los valores naturales del monte por parte del órgano forestal de la comunidad autónoma."

Isto quere dicir que aínda pasando o permiso de investigación os tódolos oportunos, para poder concederse a potencial concesión derivada do permiso de investigación GALIÑEIRO Nº 3128, (actividade suxeita á pertinente declaración de impacto ambiental e incluída entre as actividades molestas, perigosas, nocivas e insalubres) aínda tería moito que dicir o concello do Porriño, a consellería de Medio Ambiente e a Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural (administración xestora do monte) e a propia titular do monte (Entidade Local Menor de Chenlo) que se mostra radicalmente en contra a que se prosiga co permiso de investigación que polo dito sería inútil e ineficaz..

4ª) Así mesmo por ser un monte incluído no catálogo de utilidade pública, que puidera estar afectado por un expediente do cal poida derivarse outra declaración demanial distinta da forestal, lle é de aplicación o artigo 18 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes que dispón:

"Cuando un monte catalogado se halle afectado por un expediente del cual pueda derivarse otra declaración de demanialidad distinta de la forestal, y sin perjuicio de lo que, en su caso, disponga la declaración de impacto ambiental, las Administraciones competentes buscarán cauces de cooperación al objeto de determinar cuál de tales declaraciones debe prevalecer."

En el supuesto de discrepancia entre las Administraciones, resolverá, según la Administración que haya tramitado el expediente, el Consejo de Ministros o el órgano que la comunidad autónoma determine. En el caso de que ambas fueran compatibles, la Administración que haya gestionado el expediente tramitará, en pieza separada, un expediente de concurrencia, para armonizar el doble carácter demanial."



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Cuando se trate de montes afectados por obras o actuaciones de interés general del Estado, resolverá el Consejo de Ministros, oída la comunidad autónoma afectada."

5ª) A Entidade Local Menor de Chenlo é lexítima interesada por ter dereitos que poden resultar afectados pola decisión nos procedementos obxecto deste escrito.

6ª) O ámbito no que se proxecta o permiso de investigación "Galifeiro" resulta totalmente incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico municipal do Concello de O Porriño. Neste sentido A TOTALIDADE DA SUPERFICIE AFECTADA ENCÓNTRASE CLASIFICADA POLO VIXENTE PXOM COMO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS. (O Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello do Porriño-PXOM- foi aprobado polo seu Pleno Corporativo con data 26-06-2003 e publicado o seu texto normativo e ordenanzas no BOP, nº 203 de 21-10-03 e un anuncio relativo a aprobación no DOG Nº 204 de 21-10-2003).

O permiso de investigación de recursos mineiros "Galifeiro" nº 3128 é TOTALMENTE INCOMPATIBLE coa protección dos espazos naturais protexidos polo citado planeamento urbanístico en vigor do concello do Porriño, pois non resulta autorizable ningún tipo de construción a excepción das torres de vixilancia e as garitas de observación de aves. Asemade tal e como dispón a mesma norma non se autoriza a implantación de uso algún mentres non se redacte o plan de conservación específico da área, sen que a día de hoxe conste tramitado o mesmo para a Serra do Galifeiro.

Nestes tipos de solo a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) nos seus artigos 27 e 28 que regulan os usos permitidos e actuación permitidas nos núcleos rurais e nos seus artigos 37, 39 e 40 que regulan os solos rústicos de protección de augas, das costas e de interese paisaxístico, e de espazos naturais expresamente prohiben especialmente os usos residenciais e industriais, entre os que se atopan precisamente as actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras, a extracción de áridos ou terras etc.

Segundo o disposto no art. 4 do Regulamento de actividades, molestas, insalubres, nocivas e perigosas aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, as actividades que deban ser consideradas como perigosas, insalubres e nocivas (como a do caso que nos ocupa que pola utilización de explosivos sempre terá que ser clasificada como perigosa, amén de que poida ser tamén clasificada como insalubre, nociva e molesta polos pos, lodos, rúidos que vai emitir), só poderán emprazarse a unha distancia superior a 2000 metros a contar do núcleo máis próximo de poboación agrupada e no presente caso existe o núcleo deste tipo denominado Vilar Ladeira e a menos da devandita distancia, e así mesmo un grupo de casas a menos de 500 metros.

A disposición adicional segunda da Lei 3/2008, de 23 de maio de ordenación da Minería de Galicia prohibe taxativamente a implantación de novas explotacións e actividades extractivas en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido en tanto non sexa aprobado definitivamente o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia previsto no título III da Lei da Minería de Galicia, que será formulado e tramitado polo conselleiro ou conselleira competente en materia de minas (Plan que ó día da data non está aprobado).

De autorizarse o permiso de investigación se estaría fomentado e posteriores proxecto de explotación, estudio de impacto ambiental e Plan de restauración do proxecto de pase a concesión derivada do permiso de investigación GALIÑEIRO Nº 3128, se estaría infrinxindo os preceptos indicados.

7ª) A actividade de explotación dunha canteira está suxeita:

-Á licenza prevista no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, modificado por el Decreto 3494/1964, de 5 de

novembro, o cal, no seu artigo 6º, establece que la competencia en la materia corresponde ó Concello do Porriño.

-Á licenza urbanística, de acordo co art. 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e o art. 10 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia, e o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana aprobada por Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, por levar aparelado movementos de terra.

A competencia para outorgar as devanditas licenzas corresponde ao Concello.

Por isto se se concede a concesión mineira pretendida sabendo que a actividade ou uso de canteira esta prohibido, como xa se deixou dito, estaría creando unha expectativa de dereito non realizable brindando aos promotores da canteira a posibilidade de entablar a pertinente reclamación patrimonial contra as autoridades e funcionarios que posibilitaron tal expectativa.

8º) Por todo o anteriormente exposto estimamos que de continuarse co expediente do permiso de investigación GALIÑEIRO Nº 3128, se vulneraría os seguintes principios e preceptos legais:

-Art. 4 e 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

-Art. 3, 25 e 36 da Lei 3/2008, de 23 de maio de ordenación da Minería de Galicia.

-Art. 18.4 da Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes.

-A Disposición Adicional Segunda apartado 3 da Lei 3/2008, de 23 de maio de ordenación da Minería de Galicia.

-Art. 4 do Regulamento de actividades, molestas, insalubres, nocivas e perigosas aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.

Polo exposto, e tendo en conta sempre que debe primar o interese público e xeral sobre o interese particular, esta Alcaldía Pedanía en defensa dos dereitos da propia Entidade que representa e dos veciños da parroquia de Chenlo, a esa Dirección Xeral de Enerxía e Minas,

SOLICITA:

Se declare nulo de pleno dereito as actuacións practicadas do permiso de investigación GALIÑEIRO Nº 3128912 por ter vicios esenciais que invalidan as mesmas e por haberse conculcado nas súa práctica os principios e preceptos legais citados, procedéndose ó arquivo sen máis trámite.””

Seguidamente a Xunta Veciñal por unanimidade **ACORDA:**

Ratificar os escritos de alegacións formulados polo Alcalde Pedáneo anteriormente transcritos.

5. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PEDANÍA

Pola presidencia dáse conta da relación sucinta, de data 13-11-2012, de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde 03 de setembro ata o día 06 de novembro de 2012, ámbolos dous inclusive; da que se entregou copia aos membros dos grupos políticos do BNG e do PP.



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

6. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:

A) MOCIÓNS

Non se formula ningunha.

B) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Non se formula ningún.

PREGUNTAS:

O Vocal Sr. Novo González (BNG), le as seguintes preguntas, que presenta por escrito, que din:

1ª. Na dación de contas de Xaneiro 2012, pagase 600€ e 800€ a Asociación San Xoan de Chenlo do exercicio 2008/2009. ¿Este importe se lle pagou a comisión do 2012?.

O Alcalde Pedáneo, Sr. Lorenzo Alonso (PP), contesta que se lle ingresou a Comisión que estaba cando se fixo o ingreso.

2ª. Os cursos anunciados pola Entidade, non están a seres impartidos, e Chenlo están sendo discriminado con respecto as outras parroquias. Qué problema hai con Chenlo, para que non se poida impartir o curso de Gaita e Percusión?.

O Alcalde Pedáneo, Sr. Lorenzo Alonso (PP), contesta que os cursos vánse facer igual pero poden empezar máis tarde como sucede noutros sitios, e logo durarán máis. Estánse acondioado as isntalacións para ditos cursos e serán imoportidos aos que os soliciten e os que máis demanda teñan. Eu desexo que os profesores que veñan para Chenlo e demais parroquias sexan do Porriño, isto e o que eu defendo como concelleiro de emprego do concello do Porriño.

Non habendo na máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día ut supra. Dou fe.



